RURAL E TRADICIÓN, UN FOGAR EN IGUALDADE

REFLEXIÓNS, REALIDADES E COPLAS

Deputación DA CORUÑA

IGUALDADE DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

SOLAINA

SERGIO MAREY
MERCEDES PEÓN
MIGUEL CARBALLO
EVA OUTEIRO
ATENEA GARCÍA
GABI REBOREDO
PEDRO GARCÍA LOUZAO
XELA MONTERO
A PIOLLA
ROSALIA PORTOS
O RABELO
MEIGA-I
DIEGO SALGUEIRO

RURAL E TRADICIÓN, UN FOGAR EN IGUALDADE

REFLEXIÓNS, REALIDADES E COPLAS

© desta edición: Deputación Provincial da Coruña, 2023
Avenida Porto da Coruña, 2
15003 A Coruña
www.dacoruna.gal
© do texto: Sergio Marey, Mercedes Peón, Miguel Carballo, Eva Outeiro, Atenea García, Gabi Reboredo, Pedro GArcía Louzao, Xela Montero, Sonia Presas (A Piolla), Rosalía Portos, O Rabelo, Javi Sánchez (Meiga-i) e Diego Salgueiro, 2023
© das ilustracións: Teresa Larios, 2023

Dirección de arte: Teresa Larios e Sergio Marey
Deseño gráfico e maquetación: Teresa Larios

1ª edición:
Depósito legal: C 1281-2023
ISBN: 978-84-9812-411-8

Imprenta Provincial
A Coruña, 2023

“Rural e tradición, un fogar en igualdade” é unha iniciativa promovida pola Área de Políticas de Igualdade de Xénero da Deputación de A Coruña dentro do programa “liberdade de ser e sentir” e que se iniciou cunha xornada realizada en xuño de 2023 na cidade da Coruña

Reservados todos os dereitos.
Non se permite a reproducción total ou parcial desta obra, nin a súa incorporación a un sistema informático, nin a súa transmisión en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, fotocopia, grabación ou outros sen autorización previa e por excrito dos titulares do *copyright*
A infracción destes dereitos pode constituír un delito contra a propiedade intelectual

EDICIÓN NON VENAL

ÍNDICE

INTRODUCIÓN.....11
REFLEXIÓNS.....13
REALIDADES.....39

MERCEDES PEÓN.....43
MIGUEL CARBALLO.....47
EVA OUTEIRO.....53
ATENEA GARCÍA.....59
GABI REBOREDO.....65
PEDRO GARCÍA LOUZAO.....71
XELA MONTERO.....77
SERGIO MAREY.....83
A PIOLLA.....89
ROSALÍA PORTOS.....95
ORABELO.....101
MEIGA-I.....107
DIEGO SALGUEIRO.....113

COPLAS.....125

Este é o comezo dun libro feito con moito cariño, é un conxunto de verbas que quere ser de todes, son as voces dun colectivo, o LGBTIQA+, sufridor, dorido, mais sempre vivo e presente.

Tes ante ti, un conxunto de follas que só pretende convidarte, lector, a cavilar, a pensar, a reflexionar sobre as persoas disidentes no rural e máis na tradición da nosa Galiza.

Aquí van un conxunto de reflexións e pensamentos saídos dunha viaxe por terras bergantiñás. Aquí van un conxunto de realidades, 13 realidades, contadas polas 13 persoas que as viviron, 13 persoas dun colectivo, de aldeas espalladas polo país, dunha música e baile, a tradicional galega. Aquí van un conxunto de coplas, de temática LGBTIQA+, para que cante, toque e baile quen queira, para que se espallen, se usen e pasen a formar parte do noso ideario colectivo, da nosa cultura.

Este é o comezo, este é un libro que pretende seguir a reconstruírnos como colectivo, como pobo; para seguir relendo a nosa historia, o noso pasado e tamén o noso presente.



RE-
FLEXIÓNS

Pol, 25 de Abril de 2023

Queride lectore:

Aquí vai a primeira dunha escolma de cartas que che fago chegar e coas que quero convidarte a reflexionar. O que tes entre as túas mans é unha parte dun amplo proxecto, Rural e tradición un fogar en igualdade que para min é o máis significativo que fixen ata o día de hoxe na miña curta vida. Un proxecto a través do cal reflexionar sobre o noso colectivo, o LGBTIQA+, para desmitificar esa idea de que a cidade é un espazo de maior comprensión, onde se é máis libre. Este traballo non será máis que unha invitación a que a xente recapacite sobre o colectivo, sobre a liberdade, a diversidade, o noso patrimonio e cultura, a nosa sociedade, o noso rural. Unha porta aberta a que máis persoas cavilen sobre isto e nos permita avanzar cara unha sociedade máis diversa, libre, e respectuosa coa xente, a nosa historia e o noso medio. Din que as disidencias sexuais e de xénero non teñen cabida no rural, cando para min, foi no meu querido Rois, un aldea no concello da montaña lucense de Pol, onde máis acollida me sentín.

Tamén reflexionar sobre por que hai tantas persoas do noso colectivo dentro da música tradicional, que ten a nosa música para que nos sintamos tan segures de ser quen somos?

Mais para poder reflexionar eu sempre digo que hai que escoitar. Eu crieime entre señoras nunha aldea, e entre xente no bar de meus pais e escoitar está intrínseco en min e non podía non facelo nun proxecto coma este. Escoitar á xente de Bergantiños de antes e de agora, que senten e pensan, que historias coñecen ou cales son as súas. Escoitar á xente do mar, da música tradicional, das vilas e aldeas... eso foi o que tiven a oportunidade facer, xunto a miña querida Atenea García, darlles a oportunidade de falar.

Agora tócanos a nós cavilar sobre o escoitado. Quero invitarte a cavilar comigo, a reflexionar sobre o noso colectivo no rural e na música tradicional. Mais non só quero que reflexionemos, senón tamén que leas as historias, anécdotas e contos que nos relataron, como a das mulleres de Brantuas, xa falecidas, que foron parella e viviron nesta vila de Ponteceso. Unha historia moi semellante á de Elisa e Marcela, pois unha delas

tamén se tivo que vestir de “home”. Non puidemos investigar máis, pero penso merece mención, por ser un exemplo máis de persoas disidentes que se amaban no rural.

Vou rematando esta primeira misiva, mais non quero facelo sen antes facer un pequeno agradecemento. Traio o corazón cheo, de amor, de ledicia e beizón tras o meu paso pola comarca bergantiñá. Beizón a todas as persoas coas que tiven o pracer de conversar e a todas as que me axudaron no camiño. Amor por unha comarca que tiña descoñecida e que xa por sempre levarei dentro de min. Ledicia por poder levar a cabo este proxecto. Beizón, amor e ledicia tamén por Atenea García por acompañarme e axudarme nel.

Unha aperta!
Sergio Marey

Pol, 2 de Maio de 2023

Ola de novo!

Nestes días moito pensei en todas as lembranzas que me levei de Bergantiños. Recordo o día antes de marchar, cando nos atopamos a Mar e ás mozas de Cerqueda paseando por Seaia. Nese intre sentín que Malpica era un pouco fogar para min. Ao final os lugares son a xente que vas atopando, e nós tivemos a mellor das sortes!

Tamén me volve á memoria o rebumbio en Corme de centos de ferreñas a soar mentres eu e Atenea dabamos voltas arredor da biblioteca sen saber ben por onde entrar. Alí rodeadas de libros atopamos unha manchea de mulleres boureando e tocando a pandeireta. Ensaiaban para a gran Foliada de Cerqueda. Cando remataron, nós fixemos a nosa habitual presentación e logo de introducir a conversa lanzamos a pregunta “Coñecedes a alguén do Colectivo na vila, tedes algunha referencia de como viviron a súa disidencia neste contexto?” Nese intre unha delas, Teresa, berrou “A miña filla!” e pensei inmediatamente, isto é o orgullo!

Lembro tamén unha frase que escoitamos milleiros de veces eses días "Boa e mala xente haina en todos os sitios, pero nos lugares pequenos quérente porque fas parte".

Son moitas as cousas que se me pasan pola cabeza estes días. Estou tentando poñer un pouco de orde entre tanto recordo e lembranza. Por iso aquí che van algunhas anécdotas, acordanzas... estas inzarán as cartas pero apetecíame contarche unhas poucas nesta segunda.

Unha aperta queridiñe!
Sergio Marey

Pol, 5 de Maio de 2023

Ai lectore!

Non sabes o que me esta prestando estar a facer estas reflexións! Dende que escribín as últimas verbas non deixo de pensar en Corme. Ai Corme! Ese lugar foi, para min, un punto de confluencia dos pensares que arrastrabamos do noso paso pola comarca.

Levabamos días intensos de falar e escoitar, horas e horas, ata o punto que eu chegaba á casa e era incapaz de falar! Atopándonos con moitas e variadas persoas, moitos e variados sentires, moitas e variadas realidades... mais alí demos cunha casuística especial. Un grupo enorme de pandeireteiras onde confluían moitas desas cousas coas que deramos días atrás.

Así no encontro con elas foise dando unha conversa moi fluída e amena, na que dende o meu punto de vista, se estaba a falar de algo que atravesaba a moitas delas, por vivencias persoais, de familiares, amigues... mais que sentín, non puideran falar nunca, non o puideran compartir. De súpeto, dúas persoas chegadas da montaña de Lugo e do mar das Rías Baixas, disidentes, coas nosas pintiñas e simplemente ávidos de coñecer e facer memoria, eramos a porta da fala.

Aló Teresa, que xa cha mencionei, nos falou da súa filla lesbiana, pero tamén de súa prima, de seu irmán... outra muller contounos que tiña medo de non saber comprender á súa crianza, a cal intuía tamén era disidente coma nós, outra narrounos unha feliz historia dunha achegada, outras falaron de bullying, tamén de como se entendía o sexo... moito, moito se falou, pero tamén moito se reflexionou. E diso que se reflexionou houbo algo para min bastante relevante.

Concordaban en que as persoas maiores, as avoas e avós, comprendían moito máis ás persoas LGBTIQA+. Eran máis proclives á aceptación. Aquí entraban varias razóns. Por unha banda, mencionouse a educación e as vivencias. Estaba o feito de que as persoas maiores tras vivir penurias, guerras e coñecendo e sabendo por seus pais do que fora un período de máis liberdade, primaban o ser feliz. En contraposición a unha sociedade criada no franquismo e pola que quizais existía máis rexei-

tamento cara todo o LGBTIQA+. Un rexeitamento que tamén ven dado pola perda da honra. As alí xuntadas falaron tamén de que moitas veces o problema non estaba na aceptación, aceptábase, o problema viña dado por que se falara mal da familia, se desprestixiase.

Por outra banda estaba a sociedade das aldeas e vilas, unha sociedade onde a colectividade é algo primordial e que a atravesa de principio a fin. Esta comunidade que se xera no rural permite, ao meu parecer, unha maior aceptación da diversidade. Para esta reflexión sigo partido do vivido en Bergantiños. Para min hai varios factores que converten esta forma de sociedade en algo a poñer en valor. Un deles é a crianza en tribo. Nas aldeas as crianzas son criadas en maior ou menor medida por todas as persoas que forman parte dela. A xente coñecese dende cría, vese medrar, desenvolverse. Este proceso de desenvolvemento en comunidade é o que permite que a aceptación exista. Como dicía Tania de Malante "se ves medrar a esa persoa, sabes que sexa, home, muller, persoa non binaria, trans, bi, marica, lesbiana... non importa, pois segue a ser a mesma persoa, sexa e sinta o que queira". E isto non se queda só no referente ao colectivo LGBTIQA+. Este tipo de crianza e socialización vai máis alá, atinxe aos diversos factores que conforman ás persoas.

Outro factor é a dependencia da comunidade. A veciñanza traballa xunta, se axudan. Acompañase ao médico, desenrolan tarefas en conxunto, comparten os alimentos e os materiais... Isto provoca que a exclusión social non teña apenas cabida. Aquí entran en xogo os coidados que para min son conceptos que van da man. A xente coidase entre ela. A comunidade é coma un coche. Se a este lle falta unha peza xa non anda. Como nos dixo tamén Tania "se sei que meu veciño roubou irei onda el e direille eso esta mal, se precisas axuda dimo e tentarei facelo na medida que poida, pero non o vou a apartar por un erro".

O terceiro factor é o contacto social. Todos os días estas con esa xente. Todos os días os ves, falas con eles... co cal xérase unha estima. É como se esa persoa fora unha árbore do camiño polo que sempre paseas. Se a cortan notaralo en falta. Pola sombra que che daba, porque te sentabas ao pé dela, comías os seus froitos... querías a esa árbore.

Por último está o orgullo de comunidade. Á veciñanza das aldeas é vilas hai algo que a define moi ben, unha ligazón intensísima e un sentimento

de pertenza enorme a elas, á comunidade. Esta está por encima de todo, estás orgulloso dela, de todo o que esta engloba e do que a conforma.

Non sei canto de certo e mentira hai nisto. Non vou dicir que hai unha verdade absoluta despois do que ali falamos. Son ideas que lanzo, reflexións, mais para min, penso que é relevante a mención á educación e á comunidade. Foi algo que falamos todos os días que alí estivemos. Son os piares nos que creo que se debe sustentar a sociedade do futuro e pola que sempre penso que o rural é o futuro. A forma de convivir, de existir e educar no rural é onde debemos poñer o foco. Creo que esta é unha das grandes reflexións que podo facer e que me gustaría que a xente que nos lea, ou oia falar desta correspondencia cavile tamén sobor del.

Beixos!
Sergio Marey

Pol, 11 de Maio de 2023

Ola queridiñe!

Levo uns días pensando cando fomos a Buño. Como non pasar por esta vila emblema da olaría e de Bergantiños. Alí tivemos unha guía excepcional, Olaia da Asociación Visíbeis. Quedamos con ela onde a igrexa e comezamos camiñar vila arriba mentres ela nós falaba e nos contaba a historia daquel lugar. Naquel percorrido explicounos que na olería tradicional o traballo estaba dividido por sexos, de tal xeito que as mulleres eran as encargadas de pisar o barro, barutalo e amasalo pero nunca se metían na roda, non modelaban, iso si, o seu traballo era o máis duro fisicamente. Elas non eran consideradas oleiras e non foi ata o ano oitenta que se puideron meter no torno.

Unha vez máis observamos como os corpos lidos como femininos son sometidos a unha vixilancia extrema. Así é todo, por moita norma, por moita orde que se estableza, sempre agroma a disidencia e en Buño tiña nome propio, chamábanlle Ghorro de Billeiro. Durante os anos vinte e trinta era a única muller que se atrevía a meterse na roda a pesar de estar prohibido. Segundo nos contaron permitíaselle porque era coma un home, fumaba coma un home.., era considerada unha especie de home.

Escoitando esta historia véñenme á cabeza algunhas preguntas: Pode ser que lle deixaran entrar á roda porque era boa no que facía? Como viviría a súa sexualidade? Sería respectada na aldea aínda que a súa expresión de xénero non se correspondese coa norma? Ogallá tiveramos testemuñas de todo isto pero por desgraza a documentación das disidencias é algo bastante recente.

Na nosa visita a Buño tamén visitamos o Obradoiro Cambón, aló estaba David coa súa nai, Carmen de Franela. Cando lle preguntamos a Carmen se coñecera a alguén do colectivo na súa época exclamou “Antes iso, mamaíña!” Contou que na aldea se marmulaba que o Cacique era homosexual e que a pesar de ser un home poderoso non se librou de que as autoridades lle deran unha malleira e se burlaran del chamándolle Juanita.

David, o fillo de Carmen, cun sorriso na mirada, contou que ás veces di

que vive no Chueca de Buño, xa que no seu barrio viven e viviron varias parellas do colectivo LGTBIQ+ e que segundo el o percibe estiveron sempre completamente integradas. Pregúntome que terá Buño?

No obradoiro dos Cambón Olaia e David puxéronse melancólicos a falar do Buño de hai vinte ou vinte e cinco anos, e de como se baleirou a aldea: ”Cando eramos pequenas na escola había unhas seiscentas alumnas e agora son sesenta. Aquí houbo cine. Na rúa principal había varias panadarías, carnicería, barbería, perruquería de señoras, todo aquí. Ti date conta de que antes Buño estaba de paso para todos os sitios, aquí viña xente de Laxe, de Corme, de Malpica, estaba no medio, pero construíron a estrada nova e isto foi morrendo. E agora só se coñece Buño pola Micaela, mira ti, un macro botellón...”.

Despois de botar uns contos con todas esta xente de Buño, voltamos a Malpica. Lembro esa noite soñar con que vivía aló nos seus anos de esplendor, supoño que Buño tería as súas cousas boas e malas pero eu namorei del.

Unha aperta queride lectore!
Sergio Marey

Pol, 18 de Maio de 2023

Boas de novo!

Dende que escribín por última vez, na miña cabeza non deixa de rondar unha das preguntas que che lancei “que terá Buño?”, e vou comezar esta carta tentando contestar a ela. Eu penso que, en parte, responde á cuestión da que nace este proxecto, “é e foi o rural un lugar de liberdade para o colectivo?” Para min, si, mais tamén hai varios factores que tentaron asoballar esta forma de sociedade, antes e agora.

Antes tiñamos ao Franquismo e todas as súas ferramentas de submisión, sometemento e dominación. A ditadura era contraria a nós, aos nosos dereitos e liberdades e exercía unha represión cara nós, que penso que era maior nas cidades que nas aldeas, e Buño é un exemplo dilo. Como nos contaban, alí sabíase da orientación sexual de moitas persoas. Non eran xulgadas socialmente por isto, senón máis ben polos seus actos. Había quen lle poñía os cornos a súa muller, estaba o cacique que xa che mencionei... Nestes casos, polo que percibín, non se lles condenaba por maricas, senón pola deslealdade á súa parella ou por pertencer ao goberno falanxista, respectivamente. Obviamente a Ditadura trouxo consigo unha represión fortísima, pero ao meu parecer tamén amosa algo que existía, o coidado ás persoas. Creo que a sociedade das aldeas e vilas era máis proclive á aceptación. Para min isto parte de dous puntos, os coidados e a comunidade. Como che contei noutra das misivas, acho que isto esta relacionado coa pertenza á colectividade. Neste colectivo (a aldea) o feito de como es como persoa pesa máis que como te sintas ou a tua orientación sexual. Con isto non digo que ser LGBTIQA+ antes fora sinxelo, nin un mundo utópico, mais si me deu a sensación de que se podía ser, se podía sentir. Obviamente o Franquismo nos fixo moito dano, e penso que este tamén era coñecedor deste feito e por iso usou as ferramentas que usou. Afortunadamente as cousas cambiaron, a mellor, como nos dixo Manuela de Mariñán “agora todo é correr e cantar”.

Agora somos máis libres, si, mais tamén temos á Globalización, ao sistema e todas as súas ferramentas de destrución que tentan acabar coas sociedades minorizadas. Temos unha sociedade rural na Galiza con dúas características imprescindíbeis e que hai que por en valor, os coidados e a comunidade. A Globalización fainos pensar que no rural non imos

ser aceptades, que temos que marchar á cidade, que nas aldeas non se pode ser disidente, que as vilas e Galiza en xeral, é un pobo atrasado. Sobre isto falamos con Xosé de Sofán, un marabilloso pandeireteiro da parroquia de Lira, en Carnota. Sei que Carnota non é Bergantiños, mais as pescudas e busca de información levounos a el. Con Xosé conversamos moito. Alí na casa que el mesmo está a reconstruír. Un lar que fora o fogar da súa familia. A imaxe era pura metáfora. Nós as tres alí sentadas naquelas ruínas a reconstruír a nosa historia, ou polo menos invitando á xente a que reflexione sobre ela dende outro punto de vista que non sexa o cisheteropatriarcal.

Xosé foi a nosa primeira entrevista e deunos bastantes cousas sobre as que pensar, e para min guiounos moito nesta viaxe. El falaba moito da súa etapa n'A Coruña, das súas viaxes de xuventude a esta cidade en busca desa liberdade urbana prometida, da sociedade herculina... Tamén nos falou de como el pola súa parroquia sempre andaba rodeado de vellas, do seu nivel de *celebritiy* rural, como non lle gusta usar o termo gay e prefire maricón... Para min aquí hai algo que o atravesa todo, a Globalización. Esta nos induce a crer certas cousas e a ter certos comportamentos que creemos bos por ser "normais", que nos dín son a evolución. O sistema busca o individualismo e a hexemonía mercatil nunha busca da facilicitación do comercio, o que implica a destrución do minoritario, da alternativa, do disidente. Isto pasa a nivel cultural, social... Mais se rexeitamos estas ideas e miramos cara onde habitamos, que é o que nos rodea, atoparémonos coa sociedade galega. Unha sociedade que non é como se prexuzga. Galiza ten unha sociedade máis aberta e plural do que críamos. Unha sociedade que vin en Bergantiños e me fixo darme de conta do país que temos. Temos unha Galiza para a que os coidados e a comunidade son importantes. Incido de novo nisto porque me parece moi relevante. Se miramos para ela, se tomamos estes dous conceptos, seremos capaces de vertebrar unha sociedade en igualdade. Para min, esta é unha das grandes reflexións ás que puiden chegar.

Unha aperta!
Sergio Marey

Pol, 20 de Maio de 2023

Queride lectore...

Teño que voltar a Carnota, á súa parroquia de Lira, á entrevista que lle fixemos a Xosé, pois hai algo da anterior carta que quero destacar, a súa preferencia polo uso do termo maricón. Fago este destaque porque os meus miolos esta semana non deixaban de cavilar sobre a lingua, pois esta é unha vertebra importante deste traballo. A nosa viaxe bergantiñá baseouse na fala e a escoita. Por ende a lingua, a linguaxe, as palabras... eran imprescindíbeis.

Fáloche desta volta da lingua porque nos atopamos con moitas problemáticas lingüísticas. Unha delas aparecía cando a xente cishetero quería referirse ao colectivo LGBTIQA+. As persoas non sabía nomear ao colectivo. Había quen ás nomeaban mal, outras nin sequera as mencionaban porque non consideraban que ese tipo de persoas pertencesen ao colectivo, para outras todo eran gays, outras buscaban tecnicismos porque tiñan medo de ofendernos... Estas problemáticas teñen unha razón de ser, que ao meu parecer é a falta de educación sexo-afectiva. Evidentemente non penso que sexa algo só do rural, para min é algo que atravesa a toda a sociedade. Levar a cabo este traballo fíxome darme de conta, aínda máis se cabe, da importancia desta educación. Se non saben que é ser trans, non-binarie, cuir... fai que non poidan identificar a estas persoas e por tanto provoca, para nós trabas á hora de buscar información e problemas cando as persoas cishetero se relacionen con outras LGBTIQA+, tanto para as primeiras coma para as segundas.

Dentro destas problemática lingüísticas, atopámonos con outra referente ao noso idioma, o galego. O rural contén unha importante porcentaxe de galegofalantes, a nosa lingua segue viva grazas en gran parte ao rural. Isto fixo visíbel a falta de termos galegos LGBTIQA+, o que facía que anglicismos e castelanismo se coaran nas nosas conversas. Aquí podemos ver algo que creo que é vital, a necesidade de que reconstruamos a nosa lingua. A lingua é o que nos permite comunicarnos, sen comunicación non se pode avanzar. A lingua fai que nós sintamos parte de algo, dunha comunidade, sen comunidade non hai adiantos. A lingua debe sobrevivir, debemos coidala, se a coidamos, coidarémonos, e para iso debe ser usada. Sen termos, sen lingua, non hai uso. A lingua é de todes, e por

ende, todes debemos estar representades nela. Sen igualdade na lingua non hai igualdade social. A existencia de termos no idioma permite que todes poidamos ser e sentir e que por tanto outres poidan ver que existimos e sentimos. Para min, isto fai que se xere intelixenxia emocional, así como valores sociais como a empatía ou a compresión. Primordiais nunha sociedade.

Esta semella ser a carta da lingua, pero é unha carta que sentía necesaria. A educación sexo-afectiva e a reconstrución da lingua son temas sobre os que me parece necesario pensar, recapacitar, reflexionar. A min Bergantiños e a súa xente fixéronmo facer, así que aquí o deixo.

Unha aparte fortísima!
Sergio Marey

Pol, 25 de Maio de 2023

Ola de novo meu lectore!

Bergantiños é terra de pandeireteiras. Bergantiños é un dos berces da nosa música e da nosa tradición. Este foi un dos motivos que tamén nos levou alí. Se queremos saber que ten a nosa cultura musical para que o colectivo LGBTIQA+ atope nel un lugar de abrigo, temos que ir a un dos puntos quentes da mesma.

A terra bergantiñá é un punto quente, non só porque se conservou co paso das xeracións o cante e o baile, senón porque como me descubriu Beatriz Busto, no seu libro *Pandeireteiras de Mens*, foi un dos primeiros lugares colonizados e exotizados pola Sección Femenina chegada d'A Coruña – o urbano –. Este urbano que chega ao rural constrúe un mundo folclórico moi afastado da realidade. Toma certos aspectos da tradición e os remodela baixo os valores franquista e urbanitas. Precisamos tomar conciencia disto para poder reconstruírnos. Cousas como as ringleiras de parellas mixtas, o vestiario, a formación dos grupos musicais, o papel da muller... non eran como se nos di. As asociacións e grupos (Raigañas de Cerqueda, Malante, Carcaxía e as Pandeiretas do Roncudo) cos que falamos foron críticos con isto, rexeitando as normas folcloristas e mirando máis cara a como realmente era. Isto, penso, nos vai permitir entender o por que a nosa tradición é un fogar para o colectivo LGBTIQA+.

En Bergatiños nolo explicaron moi ben. Primeiramente a música existe para poder bailar. A xente o que quería era bailar, non tocar. Así, as pandeireteiras adoitaban ser 2 ou 3, que ían remudando – cambiando –, coas que bailaban. Esas pandeiretas eran a chave da festa, da socialización. Estas normalmente eran tocadas por mulleres, co cal o papel da muller era fundamental. Como nos dixo Icía do Manso, "elas sabían que coa pandeireta mandaban. Se elas non tocaban, non había festa". Mais non só mandaban para cantar, tamén pasaba no baile. Homes e mulleres eran encargadas de sacar punto. Homes e mulleres vemos que realizan os puntos da mesma maneira, non hai diferenza por ser dun xénero ou doutro, o diálogo entre as parellas é moito máis horizontal. Do mesmo xeito que homes bailaban con homes e mulleres bailaban con mulleres. Do primeiro caso (homes con homes) non puideron darme exemplos en Bergantiños, do segundo (mulleres con mulleres), si. Mais desa primeira

casuística puiden ver un exemplo nun vídeo dunha recollida cando realizaba outra investigación para outro traballo. É raro, pero existe, e crin oportuno mencionalo.

Con isto o que quero exemplificar é que o mundo da tradición musical non é como se nos vendeu. O folclore, herdeiro desas Seccións Femininas, é un folclore que busca exercer unha disciplina e que ocultou a realidade, ao meu parecer, porque ía en contra dos seus ideais. Os roles e xéneros estaban máis difusos no rural e con isto a sexualidade. Nunha conversa con Mercedes Peón convidandoa a participar no proxecto, me dicía "antes eran autenticas orxías", e creo que eso esta bastante plasmado nas coplas, un tema con "chicha" do que che falarei noutra carta, pero si son un reflexo desta realidade. Esto nos deixa ver que pese ao establecido, aos dogmas, o rural foi un punto de insurrección e con el a tradición, pois a nivel cultural, eran diferentes, tiñan outro pensamento. Que implica isto? Que o colectivo tiña un lugar onde ser e existir. Este espazo mantívose, mais o Franquismo foi quen de menoscabalo, era o que quería. A nosa tradición é un espazo de liberdade, mais nel seguen a reproducirse comportamentos machistas, heteropatriarcais e binaristas que beben dese folclore inventado pola Falanxe que moitas asociacións arremedan: coller a mulleres e mudalas de fila, que os homes manden no baile, que salten máis que as mulleres... Este tipo de comportamentos son tamén reproducidos e alcanzan ao colectivo LGBTIQA+ e a súa representación, de tal maneira que pese a que a música tradicional sexa un espazo de liberdade, dentro do colectivo LGBTIQA+, sexan os homes gais e os corpos lidos como masculinos os que son visíbeis nestes lugares, e o resto de disidencias estean, pero non se lles vexa.

Con esta carta fagoche un primeiro achegamento ás razóns que eu vexo para que a tradición sexa un fogar. Un fogar a medio construír. Con isto o que quero é reflexionar sobre que temos uns bos cementos sobre os que construír. Pero queda moito que facer. Temos unha cultura e unha tradición cunha idiosincrasia chave que nos permitiría abrir moitas portas de cara unha sociedade máis igualitaria. Mais debemos revisar o discurso co que se construíu a nosa historia. Con este traballo quero invitar a reflexionar sobre isto e máis. Convidar a facer memoria.

Pronto escribireiche de novo!
Sergio Marey

Pol, 28 de Maio de 2023

Queride lectore,

Pouco tardei en escribirche, tres días. Tres días onde o tema da comunidade volveume a asaltar, desta volta vinculado á música tradicional.

Na nosa viaxe facíamos noite sempre en Malpica de Bergantiños, era o noso centro neurálxico e alí un día, pola maña, a beira do mar, cun café entre as mans nos xuntamos con Icía do Manso. A que debo agradecerlle o tour que me fixo esa tarde co coche por Cerqueda e Limiñoa ensinándome ese epicentro do rebulir das ferreñas que son estas parroquias. Con Icía conversamos moito e lanzou varias ideas das que tiramos o resto de días. Unha das primeiras cousas que nos dixo foi "eu sospeito que o colectivo LGTBIQA+ está integrado porque sempre formou parte da comunidade". Neste senso, a comunidade é a música tradicional, o grupo ou asociación na que estás, a foliada. Aquí por exemplo Tania, Ana, Lucía e Nuria da A.C. Malante, nolo comparaban cunha familia. A asociación era a súa familia. Porén todos os atributos que eu vía que facían da comunidade do rural un espazo para o colectivo, reprodúcense de novo. Así vemos como día tras día o termo comunidade, e por ende coidados, están sempre presentes.

Mais a música e o baile tradicionais teñen outros factores que axudan a facer dese fogar un espazo seguro. Para explicarchos volto de novo á conversa con Icía. Ela lanzounos outra cuestión "que diferencia á foliada da verbena?". Durante aquel café a beiramar, tentamos respondela, máis foi co paso dos días que puidemos chegar a unha reflexión que a min me parece importante. Icía propúñanos o seguinte "a foliada e a verbena están formada polos mesmos elementos, música, baile, e pa que enganarnos, alcohol. Mais na foliada non hai pelexas, hai máis coidado ás persoas, todo o mundo contribúe á recoller, o lugar queda limpo... e en cambio na verbena sempre hai pelexas, queda todo cheo de merda..." e nós levamos esta cuestión por Bergantiños adiante. Entón chegamos á fermosa aldea de Seaia e alí nos xuntamos coa Asociación Cultural Carcaxía – con Helena, Silvia e Xacobe – responsábeis da seguinte resposta "eso ten que ver co respecto á nosa cultura". Para min deron no cravo, a xente na foliada xúntase pola música, por unha loita por manter viva

a nosa tradición, por coidala e respectala. Desa maneira o respecto que aplican á nosa cultura extrapólano á diversidade, ao medio ambiente, á lingua... Vemos como a nosa música e tradición é quen de xerar de novo máis valores que contribúen en beneficio de toda a sociedade.

Aquel café malpicán, agora que lembro foron dous, deron para falar moito. Daquela conversa con Icía do Manso debo volver a mencionar as súas palabra "todo o mundo contribúe", pois destas verbas saiu outra idea, da que non só se falou neses cafés, senón que foi saíndo noutras conversas, como as que tivemos coas Pandeiretas do Roncudo, con Mar de Raigañas... contribuír á festa, facer a festa e que non cha fagan. A foliada nace do pobo para o pobo, é a súa xente a que é capaz de crear cultura e arte en comunidade. A veciñanza únese para cantar e bailar. A creación colectiva é un dos elementos que vertebra ás foliadas. De novo aparece a comunidade, sendo elementos que axudan e contribúen a que estas sexan espazos para o colectivo LGBTIQA+.

As foliadas posúen un forte carácter comunitario e social. Estas non só son comunidade, senón son quen de creala, como puidemos comprobar en Cerqueda, onde a súa foliada é capaz de xuntar a todo o pobo, a través da música tradicional. Xente de diferentes idades, ideoloxías, sexualidades, xéneros... Xente de tal diversidade, que para min permite a liberdade, como nos dixo Xosé de Sofán, "es un máis".

Esta viaxe como ves deu moito sobre o que pensar. Lanceiche moitas reflexións, convideite a cavilar sobre nós, a nosa historia e cultura. Ei seguir pensando, se seguir escribíndoche, se a seguinte será a carta de despedida... polo de agora

mándoche unha forte aperta!
Sergio Marey

Pol, 8 de Xuño de 2023

Feliz día!

Hoxe, Día da Visibilidade Lésbica Galega, tiña que voltar a escribirche, porque se algo me preguntei sempre, e máis nesta viaxe é, que "se as pandeireteiras polo común eran mulleres, e moitas das coplas que coñecemos son de amor a unha muller, ningunha era lesbiana?". As disidentes sempre existimos, sempre estivemos aí, o que pasa e que a historia do mundo sempre se leu dende unha perspectiva cisheteropatriarcal, e obviamente a nosa historia non ía ser menos. As culturas do mundo están cheas de representacións de persoas, que se ben non poderíamos definir da mesma maneira pois o significado dos conceptos e as ideas muda co tempo, poderíamos encadralos dentro do colectivo LGBTIQA+. Por ende, que pasa que na nosa historia, na nosa cultura non as hai? Se a nosa cultura, a nosa arte ten un forte carácter musical, será na súa música onde atoparemos estes exemplos de representación.

Así, este proxecto bergantiñán tamén partía un pouco desta premisa, revisar a nosa cultura cunha ollada diversa, repensarnos para atoparnos como unha maneira de avanzar cara o futuro. Desta maneira durante esta viaxe quixemos falar con xente que fixo recollidas no seu momento. Falamos con Mar de Raigañas, Fransy González... ou tamén con Beatriz Busto, ca cal conversamos sobre o seu libro *As Pandereteiras de Mens,* un libro do que che falei anteriormente e no que Bea fai un incríbel traballo. Con ela eses días falamos de como antes o xénero e a sexualidade tiñan outra maneira de entenderse, "na sociedade tradicional a vivencia do corpo era máis laxa", nos dicía. Algo totalmente normalizado no rural, e que ao meu ver, pouco se fala. A onde Bea e tamén onde o resto de entrevistadas chegabamos con cuestións referentes a este tema, preguntabámoslles por exemplo se durante as recollidas se falaba de xénero, de sexualidade, se atoparon corpos disidentes, maneiras de sentir diferentes da norma, que tipos de corpo bailaban e tocaban... Mais como era de esperar era algo que non se preguntaban. Mar nos dicía "daquela o que che interesaba era o baile, as coplas, a maneira de tocar. Foi co paso do tempo que vai evolucionando a maneira na que fas as recollidas e xa empezas a preguntar nomes, profesións... pero sobre iso non preguntabamos."

Desta mesma maneira nos respondía Fransy Gónzalez, ata que no momento de preguntar sobre sensibilidades e disidencias, a cabeza fíxolle click e lembrouse dun pandereteiro ao que lle recolleu, Pedro de Benito, de Piñeiro de Vilabade. Ela nos contou un pouco a súa historia, home solteiro que vivía con sua madriña e que amaba a música. Falounos de como cando lle cantaba coplas, que aparentemente estarían dedicadas a mulleres, ela percibía, sentía que Pedro llas cantaba a un home. Por suposto non sabemos, nin ela nin nós, se realmente sentía atracción polos homes, pero polo menos debemos propornos a dúbida, cuestionarnos a construción da nosa historia e cultura.

Cuestionarnos esa historia, cuestionarnos a nosa tradición implica porén cuestionarnos tamén a lectura que se fixo e fai por exemplo das nosas coplas. Nos nosos encontros por Bergantiños facíamos sempre unha pregunta ao final "nalgún momento pensastes que as coplas tiñan un significado non-heterosexual?". Esto era marabilloso porque nunca o pensaran, inclusive persoas do colectivo. Si pensaran sobre as míticas de temática sexual, ou de violencia, mais aínda que foran as sexuais non percibían que puideran ser de sexo pero entre persoas do mesmo xénero. A sorpresa para min con esta pregunta foi que a empezaron a facer en masa, se cuestionaban todas as coplas nos ensaios, nas aulas, facíanlla ao resto de persoas da asociación... De súpeto todes estaban a reflexionar sobre a esa, poderíamos chamarlle, imposición de significados, pois partía de que a nosa tradición sempre foi entendida como cishetero e que non podía ser doutra maneira.

Hai coplas con significado LGBTIQA+? Para min, si, e moitas de terras bergantiñás. Mais dáme uns días para que as recopile e mándoche outra carta con todas elas. De momento déixame que remate esta misiva cunha última reflexión sobre porque para min a música e o baile tradicional son un fogar para o colectivo LGBTIQA+. A arte como espazo para a disedencia. Xosé de Sofán, Héctor Pose, Fransy González... foron algunhas das persoas que o mencionaron. A arte e a cultura sempre foron da man do colectivo. Para min débese a dous factores. A arte é un espacio de liberdade, de liberdade para expresarse, é unha linguaxe coa que comunicarse. É unha ferramenta que permite que as persoas disidentes sexamos capaces de poder ser e sentir, pois somos capaces de mostrarnos e de vernos. O outro factor que vexo é que a arte, a cultura, son espazos de sensibilidade. Se permite sentir, os sentimentos son explorados, vivi-

dos e moitas veces é precisamente isto o que se nos nega no noso día a día, sentir, sentirnos como somos.

Un final intenso para esta carta, mais aquí che deixo unha das coplas recollidas a Pedro de Benito, das que Fransy nos contaba que sentía non dedicaba a unha muller. Para min é unha das miñas coplas favoritas, xa antes de saber a historia dela. Eu creo moito no destino e igual que a primeira canción que aprendín foi de Malpica e foi alí onde puiden facer este traballo, tamén creo que é cousa do destino que Fransy me chegara a contar isto e esta sexa unha das miñas coplas favoritas:

Todo el mundo es contra min
Morena porque te quiero
Todo el mundo es contra min
Y yo contra el mundo entero

Viva a nosa cultura!
Sergio Marey

Pol, 15 de Xuño de 2023

Meu lectore

Como che comentara na anterior carta. Algo que fixemos foi repensar o noso cancioneiro popular e tentar analizar as coplas dende unha perspectiva LGBTIQA+. Unha ollada sempre necesaria, non só na nosa música, pero esta é o que me trae aquí. Esta semana estiven a revisar todas aquelas que sacaramos de cancioneiros, ou que a xente de alí nos ensinou, e que revisamos esos días con eles.

Esta é unha pequena escolma das que ao meu parecer teñen unha carga LGBTIQA+ moito máis grande, acompañadas da lectura que eu fago delas:

Este ano non hai ameixas
que secan as ameixeiras,
pra lle reghalar aos mozos
hai amoras nas silveiras

Para min esta cantiga fala do gusto que os mozos poden sentir por homes e mulleres

Vivan as do noso bando
e as do noso bandiño
vivan as do noso bando,
anque sexa pequeniño

Pandeireteiras lesbiana apelan ao resto das da súa mesma sexualidade e poñen de relevo a súa existencia en minoría

Dous muíños a moere
un anda e outro desanda
así fai o ben querere

Defensa do amor sexa heterosexual ou homosexual

Moso do calsón alleo
do sombreiro empresatado
dixom'o dono d'almilla
que lle volvese-lo saio

Pon de manifesto as andainas sexuais entre dous mozos do lugar

Peneiriña que pineiras
hasme de decir verdá
se te viras deste lado
que moso te quererá

Esta cantiga podería estar falando dunha muller lesbiana, á que a pandeireteira lle aconsella que deixe ás mulleres se quere casar.

Se soubera que cantando
te había de convertir
a noite enteira eu cantaba
e deixara de durmir

Copla que leo como un intento de conquista dunha persoa a outra do seu mesmo xénero.

Un anillo me deu Xan
outro me deu Pedro
que dirá o mundo de min
con dous anillos no dedo?

Cuestionamento das relacións monógamas

Arriba e abaixo non-he
Arriba e abaixo non-he
onde se dá a laranxa
tamén se da o limón-he

Podemos lela como unha defensa da bisexualidade e da liberdade á hora de manter relación sexo-afectivas.

Arredor do ría Arriba
sentín cantar unha merla
i er ó fillo da Chilona
qu'anda collendo iherba

Posíbel copla que fale dunha persoa trans

Aquí vin, aquí cheguei-he
aquí me mandaron vire
aquí teño os meus amores
no les quiero recibir-eh

Dende o meu punto de vista aquí vexo a unha persoa a que lle obrigan a ter un tipo de amores – heteronormativos – e ela realmente quere outros – homosexuais –.

Como ves podemos ollalas coplas dende unha perspectiva diversa e creo que debemos cuestionar o seu significado, o que historicamente se nos impuxo. Quererán dicir o que eu vexo? Non o sei, pero hai que cuestionalas, pensalas dende outro punto. Gústame reiterar que as persoas LGBTIQA+ existimos sempre, ao longo da historia se nos representou, na arte e na cultura, porque non imos estar representadas tamén na nosa cultura?

Bicos!
Sergio Marey

Pol, 23 de Xuño de 2023

Meu queride lectore:

Chegou a fin. Con esta finalizo esta serie de misivas. Hoxe no día do lume novo, porque como peixes que son, gosto da simboloxía, de todo o ritualístico. Fágoo hoxe porque igual que o lume novo representa un período de renovación, agardo que estas verbas, que semana a semana fun escribindo, sirvan para renovarnos tamén. Renovar a nosa sociedade, renovar a nosa historia, renovar a nosa cultura, renovar.

Estas cartas non deixan de ser pensamentos e reflexións dunha persoa cuir da montaña de Lugo. Cavilacións ás que puido chegar tras o seu paso por unha comarca tan marabillosa como a de Bergatiños, acompañada polas mellores persoas, ás que para despedirme, hoxe quero mencionar e agradecer.

Beizón a Mar e a todas as persoas da Asociación Cultural Raigañas de Cerqueda, a Helena, Silvia e Xacobe da A.C. Carcaxía; Tania, Ana Lucía e Nuria da A.C. Malante; ás pandeireteiras do Roncudo, en especial a Raquel por convidarnos; Olaia de Visíbeis, David do Cambón, Carmen de Franela, Carmen de Mariñán, Fransy Gónzalez, Icía do Manso, Beatriz Busto, Antón Noceda, Pilar de Laxe, Héctor Pose, Marcos Amado, ao persoal do Ecomuseo Forno do Forte e a toda a xente da comarca que nos recibiu tamén. Tamén quero agradecer por extensión, a toda a xente que axudou e colaborou neste proxecto e o fixo posíbel: a Área de Lingua e Igualdade da Deputación d'A Coruña, a Silvia Seixas, Eva Ovenza, Xabier Campos, Ana Cabaleiro, Mercedes Peón, Meiga-i, Eva Outeiro, Gabi Reboredo, Olalla Liñares, O Rabelo, Mondra, Diego Salgueiro, Miguel Carballo, Xela Montero, Rosalía Portos, Pedro García Louzao, Ana Canabal, Noemi Basanta, Sonia Presas, Teresa Larios, María Vérez, Adrián Porima, Chiqui e un moi especial agradecemento a Atenea García por acompañarme nesta viaxe bergantiñá así como a todes es que forman parte do colectivo LGBTIQA+ neste país, por ser e existir.

Moito obrigada de corazón.
Sergio Marey

REALIDA-
DES

MERCEDES PEÓN

A CORUÑA, 1967.

Gustaríame comezar explicando cal é o lugar político que habito, eu son pandeireteira e muller. A creatividade na vida, e por extensión no sexual, encantaríame pensar que é o motor do meu xeito de operar, incluida a a-sexualidade. Con isto quero dicir que nesta vida non me tocou vindicar este lugar político pero si tentar ser o máis coherente, cos meus desexos, e disidente dos desexos inoculados polo sistema capital (cousa que non é nada doada).

Por outra banda no mundo da labor (Arendt) onde o que se fai é día a día laborar, onde a acumulación non é o obxectivo, senón que partimos dunha relación sistémica como micro hábitats que eran as aldeas, antes de estar atravesadas polo capitalismo, micro hábitats que estaban compostos por persoas, animais, mamíferos en xeral, o clima, a terra, etc, mais centrándonos nas persoas podemos afirmar que son copos que pertencen ao pre-capitalismo e ao pre-xénero, canto máis diversidade mellor para o conxunto. Daquela o Queer non resultaría novedoso, é novedoso no mundo da acumulación, porque no mundo da sostenibilidade é fundamental.

No mundo do capital os corpos sacralízanse en categoría botando fora o ex-centrio e aberrante de cada categoría. Reapropiarse do corpo e reapropiarse da fala para sobrepasar os límites do que nos veu dado na mentalidade totalitaria contemporánea, e pensar nun outro xeito de operar, onde sexa posible un novo corpo cuxa experiencia sexa máis comunitaria e ao mesmo tempo máis autónoma. Esto témolo á vista, estaba e ainda está nas aldeas en calquera parte do mundo, nos micro hábitats, as aldeas como parte dun estar sistémico coa natureza, e así poder pensarnos no marco do man común.

MIGUEL CARBALLO

CASTRO DE REI, 2001.

SOBRE O PASADO E NACEMENTO DUN NENO

Eu fun un neno que dudou da súa sexualidade ata os 14 anos. Como moitísimos nenos homosexuais, unha das peores etapas que viviu foi o instituto. Sentíase inseguro, cría que non debería ser así, que non había necesidade ningunha decomplicarse a vida desa maneira, pero obviamente non é algo que el decidira. Pero estaba aí, e tanta inseguridade e falta de comprensión facían todo máis complicado. Ir ao instituto volvíase unha tortura, e máis cando decide contarlle quen é á súa familia e á xente de preto. Pouco despois todo o instituto sabía que lle gustan os homes, apartándose del, facendo medrar esa inseguridade. Se antes xa era complicado, agora todo xiraba en torno a esa parte da súa vida.

Por sorte, para cando naceu o "gran dilema" que para todo o mundo supoñía a sexualidade dun neno de 14 anos cunha cantidade enorme de inseguridades, ese neno xa levaba 7 anos inmerso nun ambiente completamente diferente ao que era o instituto. Dende que empezou a tocar e a bailar, eses momentos nos que ensaiaba e actuaba eran momentos de calma, nos que daba igual quen fora el ou como se sentise. Non era importante ser dunha maneira ou doutra, o importante era (e segue sendo) expresarse coa música, a voz e o baile tradicional. Por desgracia, eses momentos de paz non foron suficientes para pechar unha ferida que un ambiente de rechazo e desprecio provocou nun neno que chegou aos 17 e decidiu marchar. Cambiou de cidade e durante uns anos renegou de todo o que tivese que ver con volver a Galiza.

Conseguín volver despois de catro anos, un par deles de terapia e moitísimo amor propio. E volvín para estar desfrutando a diario da única cousa que me mantivo con vida durante uns anos que son cruciais para quen necesita do apoio externo e de xente que o aprecie sen necesidade de ser como a sociedade nos ditaba de ser.

Foi ese ambiente, ese mundo de música tradicional, o que facía que eu, un neno indefenso, puidera respirar durante unha ou dúas horas ao

día. Respirar mentres duraban esas clases de baile, de percusión, as viaxes cando había actuación, mentres estaba coa xente que coñecín nese mundo. Un mundo completamente diferente á soidade que sentía no colexio e instituto, completamente diferente ao que sentín (ou mellor dito non sentín) durante os catro anos que reneguei do que me facía ser quen era, do que nos une como pobo sen importar quen, como e de onde sexamos.

EVA OUTEIRO

PARROQUIA DE CASTRO, CERDEDO, 2002.

Nacín nun contexto no que a música e o baile tradicional formaban gran parte dos meus días. Moitas ferreñas ao chan de tanto tocar, moitas gorxas roncas de tanto cantar e moitas maniotas no corpo enteiro de tanto bailar.

Hai unha cousa especial no eido do tradi que dende sempre vivín: a pluralidade dos encontros; interxeracionais e diversos. Estas xuntanzas, foliadas e seráns nos que se misturaba todo tipo de xente. Tocábase por turnos e o que mais gustaba era o baile, ese lugar no que buscar a expresividade e a festa en pequenos torreiros cas colegas. As vellas convidaban a todo o mundo a bailar e tocar.

Co tempo, decateime de que non todos os lugares eran así. Foi no momento no que apreciei estes encontros de verdade. Observei unha tendencia noutros sitios á separación por idades, xéneros musicais e orientacións sexuais. Decateime da miña sorte.

Quizais esta miña sorte vense dada tamén por unha apariencia bastante normativa, por culpa da cal case sempre fun lida como muller cis hetero. Mais eu son bisexual. Mais cuestiono cada día o meu xénero e a miña posición neste mundo. De cativa ver aquela separación asustoume. Aquel clasificar á xente.

Esta reflexión comezou a ser recurrente no meu pensar cando comecei a coñecer xente que remataba de chegar ao tradi, coma quen di. Colegas que dicían que ir bailar ao serán lles facía sentir liberdade. Que non se sentían xulgades. Decateime do guai que era iso.

Pero por outro lado semella que agora hai que saber escoller a cal foliada ir. Semella que algunas precisan apelidarse entre reduncancias como *diversas ou abertas.*

Non vou nin quero romantizar o rural. Non é sinxelo atopar diversidade en todos os lugares. Mais aí é onde eu vivín e vivo todos estes maravillosos encontros. E moitas compas tamén. Onde sentimos esa liberdade. Onde aprendín do tradi. Onde coñecín á miña xentiña. Onde namorei, bailei, cantei, rin, biquei, perreei, lercheei, berrei, aturuxei e desfrutei.

E o pertinente é o que se sinte, que é o que temos que deixar ver. Atopar

un espazo de convivio no que liberarnos deste rápido mundo. E así, nas foliadas poder bailar, rir, cantar, bicar, perrear, lerchear, berrar, comer, aturuxar e desfrutar.

Mais, esta copla era a miña favorita con 12 anos:

O que non canta nin baila,
que ven facer ó serán?
Ven oír catro mentiras,
para contar de mañán

Non teño nada mais que engadir.

ATENEA GARCÍA

O GROVE, 1988.

A primeira quincena de agosto **adoitaba** ser a peor de todas para min, entre os sete e os once anos. Neses días tocaba facer a bolsa para ir á Carballeira, unha aldea pequena no concello de San Cibrao das Viñas, Ourense. Aló vivían os avós paternos e "Venvos ben cambiar de aires" adoitaba dicir meu pai.

Aínda que para aquelas dúas cativas, eu e o meu irmán, cambiar de aires significaba pasar do fresco da brisa mariñeira habitual no Ghrove onde viviamos o resto do ano, aos corenta grados á sombra da aldea ourensá.

Pero non quedaba outra. Ao chegar agosto e co traballo incesante dos pais, naquela vila masificada de jodechinchos, non quedaba outra que mandarnos para a aldea. Meu irmán sempre foi máis fedello pero para min aqueles quince días coas súas respectivas noites **pasaban** ben lentos. Recordo apertar a almofada contra min e chorar un anaco case todas as noites. "Que lle imos facer, a pequena saiu estrañona"- dicía a avoa, nese costume estraño que ten a xente grande de falar diante das pequenas pensando que non as escoitan. O caso é: que eu non remataba de adaptarme a todo aquilo, parecíame un ambiente hostil e pouco agarimoso no que había algún tío avó faltón e moita xente vella. Moito cambiou o conto, agora adoro estar entre xente vella.

Aínda que aquela excursión estival non era santo da miña devoción, teño moi bos recordos. O mellor do vran, sen dúbida, era cando o meu avó nos levaba a apañar herba e volvíamos da leira no tractor, subidos enriba daquela morea e agarradas á forcada; ou cando a avoa ía cambiar sementes á casa do Odilo. Recordo perfectamente a cara daquel señor, cun bigote frondoso e un sorriso enorme. Lembro que era baixiño ou polo menos iso me parecía a min en comparación con aquel home alto e loiro co que vivía. A miña avoa **chamáballe** o alemán. Creo que nunca lle soubo o nome ou se cadra si, pero nunca mo dixo. Aqueles dous homes eran para min un refuxio, seguramente sen eles sabelo. Gustábame tanto escoitalos falar de prantas coa avoa. Recordo o falar agudo do Odilo e aqueles xestos delicados que facía coas mans cando lle ensinaba as prantas á avoa e como se dirixía a min. Eu fun medrando e percatándome de que aqueles dous señores tiñan un parentesco especial, de que non eran amigos. Un día, xa de adulta pregunteille a avoa por eles. Ela riu e deixou caír dun xeito cómplice que se querían como se queren os amantes. A avoa acto seguido insistíu no boas persoas que eran e na

desgracia tan grande de que o alemán marchara tan novo.

Eu, a día de hoxe, non sei se foron eles os que me axudaron a aceptar esta miña disidencia. O que si sei é que para min foron un acubillo nos corentra grados á sombra daquela aldea ourensá nos que, se cadra, aquela nena extremadamente tímida e pouco canónica non encaixaba.

Gustaríame moito volver a velos coa avoa entre as hortensias, aínda que ela ande xa desmemoriada e o alemán leve unha morea de anos no outro mundo. Que máis ten, soñar é de balde e o recordo mantenos vivos!

GABI REBOREDO

O CARVALHINHO, 1989.

Diría que o primeiro achegamento que tivem à música galega foi quando chegou à minha casa o disco de Amancio Prada coa Real Filharmonía de Galicia, "Rosas a Rosalía". O meu pai mercara-o no supermercado do barrio. Essa música emocionou-me, marcou-me de verdade, e o disco hoje está estragado de tantas voltas e voltas que lhe dei. Eram os anos 90 e eu tinha dez aninhos; aprendera-me todas as cançõe de memória e cantava às agochadas quando ficava só na casa... avergonhava-me profundamente.

Um día, por aquel então, apareceu um cartaz junto ao portal que dicía: "Clases de Baile Regional Gallego". A minha mãe quijo-me apontar, mas eu neguei-me por completo. Era um rapaz “com pluma”, e o meu entorno ocupara-se de me lembrar cada día que dançar e cantar era cousa de maricas.

Sete anos mais tarde, passeando polo casco velho de Ourense, atopei-me com um grupo de pessoas cantando e dançando na rúa. Sentei-me, e alí fiquei... olhando a toda essa gente expressando-se e desfrutando da música e a dança em comunidade. Eu cría que isso só ocorria no Luar as sextas-feiras e que havia que se vestir doutra época (Ai mamã, agora aledo-me tanto de não me ter apontado a aquelas clases...).

Os fins de semana ía à casa dos avós ao Carvalhinho, e os sábados á noite marchava coas amizades do povo de serão em serão polas aldeias descubrindo verdadeiros tesouros para mim naquele momento desconhecidos. Perguntava-me por que no meu entorno não acontecía nada disto. Ouvía falar de música e dança popular, mas para mim popular era a música de Shakira, Maná ou que sei eu; e nas festas familiares dançava-se merengue ou bachata, mas não jotas nem muinheiras.

Um bom día decidim perguntar-lhe à minha avoa sobre a súa vida na aldeia antes de migrar a Venezuela. Ela estava cos primeiros síntomas do Alzheimer mas ainda gardava muita memória, e vaia sorpresa levei quando lhe pugem a minha pandeireta nas súas mãos. Tinha-o moi calado, outra mais que cantava às agochadas.

A música uniu-nos nos últimos anos da súa vida... eu cantava o comezo das súas cantigas para ajudar-lhe a lembrar, e ela rematava. E assim, despedimo-nos cantando.

O poder sanador que tem a música... a mim salvou-me do ódio e do fracasso escolar, acompanhou-me nos momentos de soidade, e guiou-me para atopar o meu lugar neste mundo.

Sim; sou uma marica folclórica, e com orgulho.

PEDRO GARCÍA LOUZAO

XOVE, 1999.

CON–TRADICIÓN

Non sei moi ben en que momento nin cales foron os motivos, pero canto tiña tres anos meus pais decidiron anotarme nas clases de baile galego que se impartían na asociación folclórica do meu concello natal. Alí, moitas crianzas gozabamos do fin da semana lectiva bailando e xogando. Aprendiamos como se colocaban os brazos, como se bailaban a muiñeira e a xota, como nos tiñamos que dispoñer no espazo, como debiamos executar uns movementos e como debiamos executar outros...

Polo xeral, nos grupos dos concellos veciños había unha porcentaxe elevadísima de nenas e, anecdoticamente, algún rapaciño. Así e todo, no noso caso, inda que eramos moitas rapazas, tamén eramos moitos rapaces. Porén, co tempo moitos foron marchando. As razóns disto son obvias: bailar é cousa de mulleres; xogar ao fútbol, cousa de homes. Se unha crianza non estaba segura do que lle gustaba realmente ou lle gustaban as dúas cousas por igual, a sociedade encargábase de inclinar a balanza. A pesar diso, nas clases xebrábannos nunha fila de homes e noutra de mulleres, os homes levantaban os brazos máis que as mulleres, os homes chimpaban e levantaban os pés, as mulleres meneaban os brazos e o cu, os homes facían de guía e sacaban os puntos e as mulleres limitábanse a recibir e seguir, os homes tiñamos que interpretar que moceabamos con elas, darlles unha volta, arrimarnos a elas, levantarlles a saia… En definitiva, os homes tiñamos que bailar coma homes e as mulleres –de acordo, claro está, co que socialmente se establece como "home" e "muller"–.

Estas dinámicas todas –e moitas outras que non mencionei– son debedoras do gusto estético dos grupos folclóricos doutra época e, inda que existen numerosos intentos de revisión, mantéñense nos espectáculos dos grupos folclóricos da actualidade. Estes pretenden representar fidedignamente unha realidade: as foliadas, as festas dalgún tempo nas aldeas da Galiza, onde parellas de pícaros e pícaras moceaban e se divertían ao rematar o día. Nesa verdade, que non é máis que folclorización e estereotipo, o colectivo LGTBIQA+ non ten cabida. Consecuen-

temente, tampouco se representa nas montaxes folclóricas. Estas son, polo tanto, binarias, heteronormativas e patriarcais. A homosexualidade, igual co resto de sexualidades disidentes, non son folclorizables derriba dun escenario –ou iso é o que parece–.

Alén dos grupos folclóricos, vivimos hoxe en día un rexurdir das foliadas como espazo lúdico onde podermos performar festa e non espectáculo folclórico nin ficción histórica. Este novo concepto da foliada é bastante recente e segue evoluíndo. Naceu no seu dos grupos folclóricos e, en parte por iso, presenta algunha contradición. Por exemplo, inda que agora é máis habitual, derriba dun escenario rara vez veremos unha muller sacando punto e moito menos guiando un baile enteiro. As xustificacións eran variadas: ben polo vestiario feminino, que dificultaba ver o movemento dos pés; ben porque historicamente as mulleres non sacaban punto –ou iso din algúns–. Entón, iso significa que no ano 2023 unha muller non pode sacar punto nunha foliada? Ao meu parecer, evidentemente non. Ou, por exemplo: se como dixen antes aos homes se nos ensina a bailar de acordo a como debe ser un home, non debera ser a foliada, igual que os espectáculos folclóricos, binaria, heteronormativa e patriarcal? Ata hai ben pouco, os maricós, a pesar de existirmos e acudir en masa a moitas foliadas do país, non eramos maricós nelas.

Eramos homes heterosexuais que bailaban só emparellados con mulleres, cos brazos arriba, petando no chan. E non creo que fixeramos iso por mostrarnos máis ou menos masculinos –ou nalgúns casos quizais si–, senón porque era a única maneira que coñeciamos de bailar. Ollo! Se alguén quere bailar así, pode facelo! Pero quen non queira, debera sentirse cómodo de bailar como realmente queira bailar. Sexa como for, os maricós, inda que quixeramos mocear, non bailabamos emparellados con outros homes o solto... moito menos, por suposto, o agarrado!

Afortunadamente, nos últimos tempos é cada vez máis habitual ver homes bailando xuntos, homes que bailan “de muller” e mulleres que bailan “de home” e persoas que bailan como realmente queren bailar, como realmente son. Dende o meu punto de vista, o que ocorre é que estamos facendo da foliada, de novo, unha celebración de noso. Adoita dicirse que a festa é a celebración das identidades, do que cada un é e do que somos todos xuntos, dun sentir común. Por iso, a foliada está a configurarse como un espazo libre, seguro, íntimo, colectivo e, sobre

todo, diverso. Ademais, ao ir deixando atrás –ou sermos cada vez máis conscientes– certos esquemas puramente folclóricos, estamos poñendo sobre a mesa a necesidade de revisar cunha ollada crítica e actual o baile tradicional e todas as súas expresións.

Quen sabe se, nalgunha hora, o folclore ande da mao cos tempos ao cento por cento.

XELA MONTERO

MUIMENTA, 1997.

Era unha vez, hai non tanto tempo, unha pequena vila chairega chamada Muimenta na que vivía un curioso grupo de xente (non máis curioso que o de outras vilas, mais tampouco menos).

Aquela éravos (e é) unha vila na que gostan de pasalo ben, de construír espazos nos que compartir, de levar a cabo actividades para as mesmas e as do arredor, unha vila con moita gana de aprender, ensinar, coidar e partillar. Nesta vila, como en case todas, non vos hai moitas crianzas, mais habelas hainas. Pois no seo dunha casa de acollida (aka "casa verde" ou "casa dos nenos") naceu a Xela (unha máis, unha muimentense máis) quen, grazas á xente que a rodeaba e como todas as que así o facían, conviviu de sempre e medrou coa música tradicional, coa nosa música.

Como xa ben saberedes, un pobo é un grupo de persoas que viven nun mesmo lugar, con trazos comúns e certo sentimento de pertenza. Pois isto é o que Muimenta era (e é): un pobo constituído por case novecentos habitantes con arredor de cincuenta crianzas das idades de infantil e primario. Cincuenta crianzas nas que a maioría xogabamos ao baloncesto ou ao fútbol nos leceres, mais non sempre, cincuenta crianzas entre as que sempre había algún grupiño xogando á corda, ao aro, ao brilé, brincando cos zancos, á mariola, ás canicas, tazos, pilla-pilla... Cincuenta crianzas nas que todas xogabamos con todas, nas que todas xogabamos a todo. E si, debates e discusións sempre houbo, mais nada que non arranxaramos cun "pedra, papel, tesoiras" ou "quen adiviñe o número que estou a pensar!". (Con isto non quero romantizar a miña historia -a da Xela, vaia- nin dicir que o rural sempre é máis inclusivo, mais poderiámoslle chamar sorte ou falar de que a probabilidade de poder ser libre dende a infancia no rural é, simplemente, maior).

E de quen estabamos a falar? Da Xela, certo. Esa crianza que corría tras de ti como lle chamases Ángela (e non habías querer que te collese...), que odiaba os lazos tanto coma os vestidos, que aprendeu a rexeitar a cor rosa e que adoraba andar con bechos bóla, tirarse monte abaixo, xogar ao fútbol, ao "a ver quen chega antes!"... Ela, por sorte ou probabilidade, sempre foi unha máis, sempre gozando da vida partillando con outras crianzas, xogando ao que quixo, vestíndose como quixo e sendo a rapeira tatuada máis molona do lugar entroido tras entroido (e é que parece incríbel que isto puidese ser doutro xeito).

A Xela, con sete anos, comezou a bailar xotas, muiñeiras, pasodobres ou rumbas alá en Muimenta, sempre con amigas, amigos e mais seu irmán maior. E si, aquí, coma no lecer, danzabamos todas con todas, todos con todos, todes con todes (chámalle sorte ou probabilidade).

Por unhas razóns ou por outras as clases de baile remataron, mais oito aniños despois, Muimenta volveu a danzar ao son desa música que nunca parara. A Xela xa tiña dazaseis, xa estaba no instituto, xa tivera que saír de Muimenta e enfrontarse a eses comentarios e miradas que fixeron que deixase o fútbol, o baloncesto ou o atletismo; que fixeron que comezase a usar cousas tan incómodas como sosténs, vaqueiros apertados, escotes e mesmo deixase o pelo longuísimo sen ela decatarse de por que o facía, de se era o que ela quería, se ela estaba a gusto... (non culpo a ninguén en particular, mais si que animo a mudalo).

E, ei! Non esquezades! Que o baile volve a Muimenta! E con el xúntase un grupiño de xente, un grupiño de xente de todas as idades que guiadas polo mestre quedaban todos os venres á noitiña para aprender, partillar, repensar tradicións e crear un espazo tan seguro como divertido. O baile comezou a xermolar (ou grelar) e enseguidiña sacou as primeiras flores (ou grelos, somos máis de grelos) que, obviamente, foron as foliadas. Aí si, aí si que se sentía a liberdade, aí creábanse (e créanse) espazos lindísimos cheos de cantares e bailares. Aí danzas o que queres, cando queres e con quen queres e... pois á nosa Xela isto tiráballe. Estas foliadas eran (e son) un espazo de encontro interxeracional, aberto e cheíño cheíño de respecto.

Isto re-xermolou (ou grelou) e re-floreceu (bos cimos) en Muimenta (e segue, non hai fumigador xa que o queime), mais tamén en moitos outros lugares (aquí non vos inventamos nada). Si, todo isto sempre estivo aí, só había que darlle voz, só había que escoitalas, só había que atender a tantas historias que a nosa xente maior tiña e ten para contar (esas señoras ás que lles brilan os ollos cando a Xela lles fala de mozas e non só de mozos, esas que a ven guapa co pelo curto, esas que adoran os seus brincos de clítoris, esas que dende a leira ou detrás da cociña che botan unha cantada mentres apañan ou cocen os cimos).

E é aquí, de foliada en foliada, entre señoras e crianzas, onde tantas Xelas se viviron libres e, por sorte ou activismo, se seguen a vivir. E ollo,

que os cimos non só saen na primavera, en tempos de xeadas tamén están aí.

Hai quen a isto lle chama sorte, hai quen lle chama probabilidade, eu gosto de pensar na rede, na masa social que leva creando entre amigas e "amigas", nais solteiras, familias (que non teñen por que ser de sangue), "solteiros" e demais xente estes espazos que entre pandeiretas e picados fan un fogar seguro para todas as que se queiran achegar. E xa sabedes, ante gaita rabuda ou señoro mandón, fechamos a volta e a seguir a danzar.

SERGIO MAREY

POL, 1997.

Nacín en Rois, unha pequena aldea da parroquia de Cirio, no concello de Pol. Así comezo sempre que falo de min. Xa sexa nas miñas biografías como artista, cando me piden que fale de min nalgún proxecto... vaia, en calquer lado, xa que ser dalí, para min, é determinante. Son de aldea. Todo na miña vida pasa por ser de Rois, por ser de Pol. Tanto que pese a que nacín alí e me fun de cativa a vivir a Lugo, todas as findes e vacacións as pasaba aló. Todos os meus recordos da infancia son en Rois, e en Pol.

Alí foi onde me acheguei por primeira vez á música tradicional. O primeiro recordo que teño é o de ver bailar a miña prima coa Asociación Cultural Leña Verde de Pol. Gravado na mente está como ela xiraba con aquel traxe ao ritmo de gaitas e padeiretas durante unha das romerías do concello. Dende entón, e aínda agora, soño con algún día ter un traxe de galega. Un traxe que sempre foi fonte de inspiración, que reviso constantemente no meu traballo artístico e do que bebo incluso á hora de vestirme. Pese a que nunca vestín un, penso que foi unha das portas que me permitiu expresarme como son a nivel estético.

Lembro tamén como miña tía me poñía os discos de Leña Verde, o grupo de música que se formou a partires da asociación que vos mencionei antes. Eu escoitaba aquilo embobada. Namorando máis e máis daquel grupo, ata o nivel de que no ano que sacaron novo álbum fíxenlle a miña nai mercarme disco, camiseta do mesmo, a do anterior, tote bag... e ese mesmo día rompín o brazo baixando por un tobogán. Marchei o hospital, fixen todas as probas e tratamentos necesarios e despois fixen a miña nai volver á festa e alí seguín cantando e bailando co brazo roto. Así foi que ese ano ía a cada concerto deles que podía. Amaba (e amo) todo en Leña Verde, as súas músicas, a súa posta en escea, as letras... pero había algo que especialmente me atrapaba, as voces e as pandeiretas. Noemi Basanta e Naír Rodríguez eran as que ocupaban ese posto daquela. Prendidiñas me tiñan. E a elas lles debo moito.

Noemi foi a miña primeira mestra de pandeireta e canto. Ela meteume o vicio no corpo. Para min ir a clase era sagrado. Xa non só porque nos ensinaba a tocar e cantar marabillosamente, senón que nos ensinaba aspectos culturais da tradición. O por que de cantar, o significado das coplas, a historia da música, como se desenvolvía o xénero na tradición... ademais de darme a coñecer as foliadas. Ai as foliadas! Eso foi para min

un mundo novo! Alí por primeira vez vín persoas LGBTIQA+ sendo libres. Expresándose, sentindo... Alí todo daba igual, o importante era a música. Alí eu tamén fun libre.

Así, para min, a tradición foise convertendo nese espazo de liberdade que se unía a aldea. As findes convertíanse nos días nos que realmente era eu. Ía a clase de pandeireta porque me encantaba pero tamén como excusa para ir a Rois. Alí medrei, entre a horta e a as ferreñas, entre vacas e pandeiro. Para veciños e foliadeiros eu era un máis. Vestira saia, xogara con bonecas, me pintara as unllas... Porén ambos mundos son tan recorrentes na miña obra e no meu traballo. Isto fixo que nos últimos tempos iniciara un traballo de recollida oral en Pol. Semellaba que na música tradicional e na historia Pol non existira. Iniciei o traballo ante a falta de información. Buscaba e busco coñecer de onde veño para poder saber quen son. Comecei buscando coplas, bailes, xeitos de tocar, tradicións... e fun atopando si, cousas incribeis, pero tamén conectei coa miña veciñanza. Escoitar as súas vidas, as súas historias, as de outras xentes do lugar, permíteche ir creando unha memoria colectiva que é fundamental. Empecei a comprender moitas cousas. Deime de conta de por que a música tradicional é ese espazo de liberdade, do importante que é a comunidade, de por que o rural é o futuro, de por que puiden ser sempre feliz alí. Creo que esta historia que a continuación vos conto o resume todo e é o final perfecto para este texto. Foi durante unha das xuntanzas con mulleres da Asocicación Lecer de Gamelle de Cirio que saíu o tema de que eu era cuir. Entón comecei a contar que alí sempre fóra feliz, nunca me sentira xulgado... e unha das mulleres alí presentes dixo “iso é porque aquí coidamos o que temos”.

A PIOLLA

VIGO, 1984.

Colexio público, primeiros días de clase. Aínda lembro os nervios, a timidez apertándome, protexéndome de tantas caras novas. Seguramente sería un 16 de setembro, o cole sempre chegou á par que o meu cabodano. Supoño que despois dos primeiros días de toma de contacto, chegaría a casa cunha nota na mochila ca listaxe de actividades extraescolares; e así, dende o costumbrismo escolar máis básico, topeime facendo o archicoñecido "adelante, atrás, tacón, punta, tacón" si, en castelán, e cunha entonación case canturreada. Dúas veces por semana, a miña avoa Josefa (ou a miña avoa Lola) e un rico bocata de chocolate levábanme a clase de "Baile GaLLego" .Dende os 6 ata os 14 anos foi a única extraescolar que se mantivo no tempo. Agora mesmo é complexo discernir se estiven tantos anos por gusto, por costume ou simplemente porque non me importaba ir, e a maiores ó meu pai e á miña nai lles gustaba que fora.

Foi nestas aulas, onde souben e experimentei, sen ser consciente o que eran realmente daquelas, os roles de xénero. Eu, unha nena tímida tocoume bailar "díshome", co que eso implicaba: a primeira en comezar a bailar, rodeando a modo cortexo á miña parella, outra nena que esperaba sentada de esguello no chan; pero neste caso, ela era so unha nena que bailaba.

Non lle din importancia a bailar d´home ata moitos anos mais tarde, se o penso ben, decateime antonte. Dicir, que por algunha razón, que non era quen de definir de cativa, aquel rol que me tocou, encantábame. Eso sí, bailaba "d´home" pero, en rigurosa saia vermella con doble banda de veludo negro ata os pes, o dengue co lado dereiro por riba do esquerdo, non vaia a ser!, e os zapatos negros e de suela, que os de goma non eran tradicionais. Esa parte sempre foi a que menos me gustou: VESTIRME de GALLEGA. Era incómodo, dábame pudor e sempre que tocaba actuar era en días de torrarse de calor, bailando agoniada baixo o sol, con todas esas capas (dubido que antigamente pasaran calor e levaran tantos refaixos a 38 graos, pero claro… en nome da tradición…) : día da muiñeira e actuación de fin de curso no cole.
Se o penso ben, este rol, chegou para quedarse, non con esta nomenglatura casposa de "bailar de home", pero si foi como a través del e de forma natural xestáronse as características que me definen hoxe en día como muller bailadora: autónoma, con iniciativa para sacar punto, pícara, con chuleria no bailar, e se hai confianza con vacile e lesbiana. Sempre consi-

derei unha sorte a miña posición no baile cando era cativa, agora sei que era por a liberdade que implicaba ser /facer de home.

As clases de baile, foron o punto de partida, pero ser de Vigo e ter aldea en Ourense, cambiouno todo, foi dos mellores agasallos. E con ese binomio todo comezou a quecer, a lume lento ata hoxe. Eu non son como Balbino, un rapaz de aldea, pero conteño trazas. Fin de semana si e fin de semana non, collíamos o Ford Fiesta e dúas horas de carretera, ata chegar a destino: O Torrón; e con el os paseos en bici ata a casa blanca (bueno, as veces non respetabamos o límite), baixar a fonte a coller auga fresca para a comida, horas e horas de montar e desmontar playmobils co Gonzalo (o meu sempiterno mozo na aldea, como nos fastidiaba que nos dixeran que eramos parella, se souberan daquelas o que se viña…), as lideiras cos nenos do pobo veciño… Encántame a naturalidade inherente de crear comunidade das aldeas. Na cidade, inmersas nos nosos individualismos e presas, aínda que pareza complicado tamén se poden crear este tipo de vínculos na túa contorna; é cuestión de pararse, de falarse, de non ter medo á conversa de ascensor, de amainar a marcha e botar unha parrafada ca froiteira onde gastas diario ou o caixeiro do supermercado que sempre está de 20.00h a 21.00h cando saes de traballar e vas mercar algo para facer a cea. Timbrarlle a veciña e compartir as filloas que fixeches, ou darlle 3kg de kiwis dos 70kg que che regalou Amalia a última vez que fuches o pobo. A aldea, non é meramente un lugar, é tamén unha intención, unha forma de se comunicar co mundo. Eu gosto de comunicar dende o pequeno, o miúdo. Un licorciño no Grándola (bar de ourense), unha muiñeira en toutón, un sesta en porretas en Ons.

Pasados os anos, as pezas do puzzle comezaron a unirse. Mudeime a Ourense a estudiar e Ourense fixo o resto. Primeiras noites de festa, xente foliando nos bares, os primeiros “venrespirar” (serán urbano itinerante para achegar a tradición á cidade) e os primeiros seráns nos pobos. Foi un BOOOOM, en toda a cara! Queres tradición, pois 7 cuncas! Magosto, Apalpador, ENTROIDOS, Maios… todo era ben. Así foi como descubrín que 8 anos de clase de Baile GaLLego non foron 8 anos de BAILE GALEGO. Non pillaba un punto, perdíame no espazo, non era quen de diferenciar dereita de esquerda. Eu solo sabía seguir unha coreografía, e por suposto. Así que comecei a ir de Serán en Serán. Foi no mundo folclórico onde topei o que me faltaba. O TRANSMARICABIBOLLISMO estaba no torreiro, alí, diante das miñas narices, sen vergoñas nin pudores. Presen-

tes e Orgullosas. Bueno, igual fai 20 anos, presentes, orgullosas e comedidas ata o terceiro licor café. Ó principio calquera chica que viñera comigo a un serán, automaticamente tiña que ser a miña moza, non podía ser so amiga, porque claro, eu era a bollera e se viñas comigo… O curioso, era que a pesares de que o colectivo nos etiquetaba como parella amorosa, á hora de bailar, se nos puñamos xuntas, e chegaban dous homes o torreiro, de forma totalmente natural e aceptada por ambas partes, faciamos as parellas mixtas. Independentemente de que fora un solto ou un agarrado, e este cambio se fixera no medio do baile. Obviamente a tradición bebe dos machismos de antes e dos actuais, pero dende logo tamén dos feminismos, que viñeron para enriquecela e protexela. Independentemente dos debates de que partes podemos mudar e non mudar en aras de defender a tradición, a cultura, para min como muller e muller lesbiana,o mais importante é que a música tradicional, o baile, os contos e cantigas, son un lugar seguro, onde ser, onde sentir, onde expresarse sen medo, con directas, con indirectas, entre risas ou entre piques, pero sempre dende o respeto. A tradición é casa, a tradición é MARICA. E como na casa sendo marica, en ningún lado.

ROSALÍA PORTOS

CIDADE DE MÉXICO, 2001.

Son de Liñares, unha aldea da provincia de Ourense e no concello de Avión (un dos concellos máis emigrados de toda Galicia). Na súa meirande parte, os seus habitante tiveron que emigrar por temas económicos ou persoais, sendo o destino principal México, onde nacín eu. Aínda que eu non me considero mexicana, a maioría dos de aquí (máis principalmente os que aínda seguen no exilio) considéranse mexicanos e a vez galegos. E todos sabemos que México aínda segue sendo un país moi lgtbfóbico, onde se rexeita ás persoas da comunidade ou non están tan informadas disto.

Levo 12 anos vivindo en Galicia. En todos estes anos fun aprendendo a tocar a gaita, o tambor, a pandeireta e máis instrumentos tradicionais galegos. Onde me ensinaron principalmente foi en Beariz, unha aldea que está ó lado de Liñares, e por consecuente, tamén foron frecuentes as visitas continuas aos meus avós a Liñares. Eles inculcáronme e mostráronme a fermosura da cultura e historia que temos aquí; as pandeireteiras de Liñares. Coñecidas nos seus tempos polas festas e pola técnica que tiñan de tocar as pandeiretas e a lata de pementón, os recordos da época das “recolleitas” e do importante que foron para a cultura da música tradicional galega, sen importar de onde viñas, quen foras, como che divertías na festa ou se querías aprender a tocar as súas cantigas. Elas sempre recibían a xente cos brazos abertos e sen prexuízos.

Non foi ata o ano 2020 que me declarei abertamente muller trans. Antes da miña transición, cando por exemplo; ía a axudar canda miña avoa e con máis mulleres de aquí con traballos “tradicionalmente de mulleres”, aprender as cantigas de Liñares, entrar nun grupo de pandereteiras ou así, vían que era moi pouco común ou raro (ou polo menos eu o vía así). Notaba que o ambiente que transmitían era de incomodidade e dunha visión de, polo interese que tiña eu a iso, era gay. Tamén moitas veces, saíame o lado femenino ou facía bromas con mozos do meu grupo, como bailar cun deles nun agarrado e que me separaran del para emparellarme de novo pero cunha moza, ou pór caras raras ó sacar o meu lado femenino. Claramente seguía arraigada unha parte do “tradicionalismo” en canto o concepto do xéneros nos habitantes de Liñares (principalmente na xente maior).

Todos os anos no vrao, veñen os emigrados de México a pasar as súas vacacións cos seus familiares, coa a súa xente, nas súas aldeas e nas

festas destas. En toda festa de aldea sempre haberá charangas, verbenas e orquestras, coma momentos para ligar e facer vínculos. Sendo actualmente unha persoa trans e bisexual, isto o tiña complicado. A maioría dos mozos emigrados de México son heteros e moi cerrados de mente en canto á diversidade. Pensar en liarse cunha muller trans, falando no caso dos mozos, era imposible, aínda que "respectaban que fora unha muller trans", e no caso das mozas, eran heterosexuais. Xa non só falando no caso de crear vínculos era difícil, senón que inda por riba, había esta xente que non "entendían o concepto" de ser unha persoa trans, e aínda sabéndoo, facerme "misgendering". Séntese coma se fora unha especie diferente dos demais a hora de relacionarme cos emigrados e durante o verán.

O difícil de mostrarme por primeira vez como muller trans ante o mundo, veu acompañado de moitas incertezas e cuestións que me facía, como por exemplo: como van reaccionar ou que van pensar meus avós ante isto? Porque sabendo a forma de pensar que xa mostraran os de Liñares, tiña medo que meus avós fixeran o mesmo. As súas reaccións ao sabelo foron naturais, mergulladas entre dúbidas e preocupacións, pero ante todo de comprensión e afecto, antepoñendo a miña felicidade ante todo. Xa pedían desculpas dende o principio por se equivocábanse cos pronomes ou o novo nome, pero a cuestión disto é que comprometíanse a facer o esforzo de cumprir os meus desexos, que é o máis importante. Un dos coidado que me tiñan cando empezaba a mostrarme foi cando celebrouse a festa de Liñares no 2019. Eu quería ir moi provocadora, para que me viran xa, pero aconselláronme que nese día non o fixera porque non "era o momento". Igualmente fun cómoda e sen chamar a atención, cunha raia no ollo e uns pantalóns "femininos", e durante toda a profesión meu avó non separouse de min, acompañándome, coma querendo dicir "estou aquí para protexerte e que sexas feliz".

Co paso dos anos dende aquel día, miña familia xa dirixíase a min como Rosalía e pronomes femininos incluso diante da xente de Liñares, os da miña xeración de aquí tamén o sabían e algún o falara cos seus avós e eu moitas veces ía vestida moi feminina. Din por suposto que todos xa empezaran a decatarse da miña nova identidade e que non tiña que dar explicacións. Un día no vrao do 2021, me chamaran porque ían un grupo de mozos a gravar e falar sobre as pandeiradas de Liñares e recopilar cantigas. Coincidiu que nesa tempada estaba a facer o meu proxecto

final de ciclo sobre as cantigas de Liñares, e que se reuniran para iso axudábame co meu traballo. Cando cheguei ao lugar e estaba o grupo do que me falaran (Carme López, Álvaro Carballo e Artur Purga), presenteime e algunha que outra xa non me recoñecera (polos cambios físicos das hormonas), pero aínda así referíanse a min en masculino e co meu "deadname". Decateime que algunha que outra non o sabía ou que non querían facer o esforzo de referirse a min co novo nome e pronomes. Pasando por alto iso, incluíronme ó igual que o grupo de mozos, sen importar o noso xénero o identidade, eu utilizando meu nome e pronomes sen importar o que dixeran e divertíndonos todos xuntos. Preto de facerse de noite e xa rematando a foliada, acercouse unha das señoras, levoume a un lado da xente e díxome: "Xa me contaron o teu. Só dicirte que conmigo non tes ningún problema e que alégrome por ti. O que importa e que sexas feliz". Iso di moito que a mentalidade dun grupo de persoas non define a todos.

Durante todo ese tempo non lles daba moita importancia cando non se referían a min correctamente. Vestíame, falaba e seguía sendo como son diante de todas. Tempo despois no vrao do ano 2022, nun día ó rematar unha misa na capela de Liñares, miña avoa falou de min, en feminino e como Rosalía, e foi cando alguén preguntoulle que de quen falaba. Nese momento, xa todos en Liñares saben quen son. Agora cando me ven xa me din que vou guapa, me chaman Rosalía e en feminino, me preguntan sobre as miñas cousas. Síntome máis integrada na aldea a comparación de antes de transicionar, porque xa aceptaron quen son e non so tomaron a mal ou negáronme, como pensaba que ía a ocorrer no seu momento. Por sorte en Liñares xa están acostumados á diversidade LGBTIQ+ (algúns máis que outros) onde hai persoas lesbianas, gays, bisexuais e agora trans, e non o ven como unha ameaza ou algo que non deba existir. Pódeslle gustar máis ou menos, pero ante todo é respectar as persoas. Que unha persoa como nós lles poda privar da súa vida, despois de vivir nunha época de penurias, cambios no mundo, unha emigración e dous culturas distintas como México e España, é algo absurdo.

O igual que nas foliadas de Liñares; non importa quen es, como es o que che gusta, todos debemos ser recibidos cos brazos abertos e sen prexuízos, respectando e divertíndonos todos xuntos para pasala ben nesta festa que é a vida.

O RABELO

CERDEDO, 1992.

Cheguei á casa do Gardarrios em setembro de 2020. Depois de andar á procura dum sítio tranquilo ao que vir vivir cos cans, apareceu esta casa, que era duns amigos da minha família, e que queriam ponher á venda. Eu nom valorava a opçom de mercar umha casa, porque a ver quem se mete numha hipoteca hoje em dia com menos de 30 anos, com dous cans e umha vida precária, pero a vida dá muitas voltas.

Quando cheguei ao bárrio da Pedréira, no alto de Cerdedo, a minha vizinha Amelia receveu-me cos braços abertos dizendo que para calquera cousa que necessitase, ali a tinha. Falo muitas vezes com ela da importáncia de ter um lugar de onde sabes que nom te vam botar, um lugar no que quando entras podes botar as cousas para um lado e para outro porque é a tua casinha. Creo que todes precissamos ter umha casinha, um tobo, um lugar desde o que construír. Eu sinto que a hipoteca da casa decidiro-na os cans mais ca mim. Eu só queria um sítio onde estar tranqui. Onde construír um projeto de coletividade arredor do rural, o cuir e a paz. E aqui habia gente riquinha cerca, vizinhes coes que compartir, monte abondo, rio, auga, e terra para que medrem uns tomates e uns repolos.

Há já mais dum ano abriu o galpom social da de Rousmeri, um espaço vizinhal chulissimo na aldeia de Caroi. Os espaços organizados com gente que vive aqui e quere construir dam esperança.

Ali há umha programaçom regular de concertos de punk francés, entre outras maravilhas, e ali no veram organizamos o Terra de Montes Cuir, um evento que para mim foi o primeiro passo dum novo caminho. Neste evento juntamo-nos varias pessoas para organiza-lo. Foi falando cumha destas pessoas, Sara, vizinha dumha aldea de aqui ao lado, com que comentamos a necessidade compartida de ter um lugar onde juntar-nos para fazer cousas divertidas com vizinhes que tenham vontade de aprender a criar espaços seguros, considerados e críticos.

Assim naceu o projeto da do Gardarrios.

E nisto estamos. Preparando a antiga corte da casa para que seja um centro social onde nos juntemos a fazer cousas chulis. Como os talheres de autodefensa e de BDSM do passado veram de 2022, como os de transformismo animal de maio de 2023, e como todas as tardes de costu-

ra, maquilhagem travesti e club de leitura. E as obras com Lino e a gente que vem a mover escombro, area e grava. Como a gente de Workaway que vem passar tempadas á casa e fai que a casa se mantenha em movemento, paseando com Xaxa e Golfo e cozinhando.

A música é argamasa, dizia Rodrigo Cuevas falando com Jordi Évole á porta dum chigre asturianu onde faziam folixada. As foliadas fam que nos juntemos coes vizinhes para passa-lo bem, aprender e conectar entre nós. As aulas de pandeireta e baile dos luns dam estrutura e rutina á vida tranquila deste lugar, para mim.Seguramente para a gente que vai a pilates e a bolilhos também lhe passa isto. Pero a festa, e concretamente a rua, que é a festa de música tradi aqui da comarca, tem algo característico, que é que nela juntam-se vizinhes de todas as idades, tamanhos, formas, procedéncias e isto é ouro quando vives num sítio tam pequeno e diverso como Cerdedo. Um dia fum á perruqueria de Pili, aqui ao lado da minha casa, e estava umha senhora que se chama Ana e dixo-me que me vira cantar e bailar na rua que fixeramos em julho na praça da igreja. Estavamos em janeiro quando me dixo isto. E que que bem que vinhera vivir a Cerdedo, que lhe
alegrava muito.

Cerdedo é o sítio no que quero ter a minha vida e onde quero construír o projeto do Gardarrios, um lugar tranquilo onde ser diferente seja o normal, onde poidamos escuitar e aprender das histórias e vivéncias das outras pessoas e onde a tranquilidade de todes seja o central.

Lembro a conversa que tivem coa minha vizinha Amelia há case dous anos quando matarom a Samu por maricom. Ela dizia-me que nom habia direito, que nom podia ser isso assim. E eu dixem-lhe que claro, que é coma se me matavam a mim por ser trans. Nunca falaramos disto, pero a partir de ai empezarom a dar-se conversas mui guais coa vizinhança sobre ser dissidéncia. Amelia di que isto existiu de toda a vida, pero que nom se falava. María di que há que respeitar a todas as pessoas. Yoli preguntou-me se tinha um nome novo, depois de dizer-me que claro que me podia falar em masculino. Quando chega umha carta co nome dos papeis, Martín pregunta-me se está bem que cubra com esse nome os datos, ainda que me segue chamando Xanhe. Gonzalo no super dixo-me que Xanhe lhe molava o nome novo. Pili dixo que mui bem a todo. Quando Nordinne baixou preguntando como estavam as mulheres, Ame-

lia respondeu “as mulheres, ou os homes, ou o que seja!”. Luar di que o do género é um pouco complicado, pero que mais complicado é atar os cordons dos patins, que se lhe podemos ajudar com isso.

É o segundo ano que fazemos um evento com travestís. A mim fai-me muita ilussom poder celebrar a nossa pluma e jogar coa roupa e a pintura e fazer festas no bárrio. Por isto estou mui agradecido a Cerdedo e também, por que nom dize-lo, a sam Pedro, que é patrom deste bárrio e que sinto que me apadrinhou. E todo isto vivo-o e canto-o a través da música, com coplas tradicionais: “Meu sam Pedro de Cerdedo / alabado seja el / a el o tenho por padrinho / eu som afilhade del”, como com outras inspiradas na tradiçom e adaptadas: “Nom há home coma Deus / nem mulher coma Maria / nem pessoa nom binária / que nom baile neste dia”.

Assim que sim. Viva a nossa pluma, vivam as nossas parróquias e vivam as comarcas onde vive gente cuir!

MEIGA-I

ORIXE DESCOÑECIDA, ATEMPORAL.

JAVI SÁNCHEZ.

VIGO, 1997.

MANIFESTO TRADI-VESTI POLA FANTASÍA GALEGA

Na miña casa había algunha pandeireta, estaban usadas aínda que ninguén as tocaba: unha atronadora con ferreñas oxidadas, outra sen parche, outra con 5 ferreñas soltas… E collín a única enteira para montar un número drag nun evento nocturno que organizaramos. Xa levaba un tempo como autodidacta, pero de xeito borroso e inconsciente, non lembro moi ben como, tomou corpo a drag pandeireteira e despois, en 2020, de intencional e consciente alumei a Meiga-i. Aínda que a dicir verdade, non sei quen iluminou a quen.

Entrei no folclore e na música de tradición oral a partir das fusións de artistas concretas e tamén pola curiosidade antropolóxica. Aos poucos, comecei a sentir o potencial destes saberes herdados. Eu non mamei a tradición, nin me criei nun grupo folclórico. Inocente, experimentei xa de adulto como era posible que tantas coplas de autoría anónima e tempo pasado expresaran o que eu estaba a sentir no presente.

A inercia da metronormatividade convencérame de que o folclore non era para min, nin o contemplaba. Cría que o territorio galego non era diverso, que os referentes estaban fóra. Desmemoriada viva! Asombreime do contido, tanto explícito e como finamente metafórico, sobre sexualidade nas letras populares, que incorporía e divulgaría máis tarde no Saber e cantar para romper os prexuízos do público cara o pasado, como fixera eu. “Nós non inventamos nada -pensei- aquí está unha señora a expresar o que supostamente non se podía compartir en público a través da invisibilización dunha cultura para a cal se trataba como ignorancia e pobreza”. Non podo evitar rir cando nos grupos de señoras pandeireteiras cantan coplas picantes ou de contido sexual sen darse de conta.

Non obstante, a cultura popular estaba aí, viva. E tamén estaba ela, Ana Kiro, a nosa diva pop. Por que sabía eu letras e ritmos se non escoitara iso nunca? Estaba de ser! Mireime nas travestis andaluzas e dixen: “pois

eu tamén, vou referenciar ás nosas folclóricas."
Evidentemente, non fun a primeira.

Comecei a descubrirme a min en paralelo á tradición musical e ao meu proxecto artístico. Igual por iso teño outras perspectivas con outras inercias. Xoguei e a fixen miña, que non para min, senon para compartir. Un fenómeno globalizado como o drag para ser meu, e de noso, precisaba de raíz. Gústame entreter, contar historias, e a poder ser divulgar e facer memoria que falta fai, pero non de calquera xeito. Quero crear unha fantasía galega acolledora, con vocación contemporánea contra o cosmopaletismo e as marmuradoras. Os comentarios, apoios e incluso trabas que atopo para min demostran que a representación importa. Quen entende, entende, aínda que quen programe ás veces non entenda nada.

Para min o drag é unha linguaxe performativa. Un código que xoga co xénero, que o transgrede e propón alternativas. É a lingua cuir mediante a cal executo diferentes artes vivas, como o canto popular. Bebo da cultura popular, do folclore, da historia e o pasado, cuestionando a linealidade da heteronorma, pois sei que non inventamos nada. Son "una falta de respeto al folclore", a folclórica das travestis, a travesti do folclore… Proclámome **tradivesti**, transformista non só de xénero, tamén do tempo e a tradición.

Meiga-i para min é unha personaxe, lapis e papel, pintura e brochas, un proxecto, unha liña de traballo tradivesti… por tanto eu, ser, non son Meiga-i, pero permíteme expresarme de xeito libre e auténtico. É o referente que nunca tiven e quero que sexa unha fantasía para cambiar esa realidade. Quen posúe a quen? Nin sei. Pode que Meiga-i trascenda ou morra de morte matada, négome a ser unha vítima pero as veces a carga dos prexuízos, explicacións, cuestionamentos, barreiras, sobrepensar, asunción de superficialidade, autoxustificarte… cansa e mata.

Resúltame curioso que as persoas disidentes, os maricas, turren e sosteñan os folclores e, á vez, estean invisibilizados nos discursos e representacións, por exemplo, os marifolkis de diversos territorios ou os capillitas. Teño envexa das travestis andaluzas pois o que no seu contexto é natural e inclusive predecible, no meu, síntome unha curiosidade -que penso aproveitar-. Resúltame tamén irónico, reflexo do peso da heteronorma e os prexuizos cara o pasado e ata gracioso ou indignante, iso xa o deixo á

escolla, a performatividade de roles de xénero que acontece no contexto dos grupos folk: marifolkis performando a masculinidade, cantando coplas heterosexuais, bailando con mulleres en pos do "realismo histórico" nas actuacións e representacións… Eu vivirei na miña fantasía, iso é certo, pero fágoo á mantenta e, vendo o panorama, eu case prefiro ir cos (meus) tempos.

Finalmente, á música popular tamén teño que agradecerlle moitas alegrías e amizades, pois é tamén unha diversión accesible, sinxela e comunitaria que me axudou a socializar e coñecer persoas coas que comparto a vida e que non tería coñecido de outra forma. Os marifolkis danme a vida, sen folclore estaría máis só.

Comecei -e sigo- a construir a miña identidade adulta xunto a estes ritmos e versos, moitas veces libres, como eu querería ser. Quería escribir un manifesto pola necesidade da fantasía galega e contei a miña vida.

Para algúns, decadencia, para outras, disidencia, para min, existencia.

DIEGO SALGUEIRO

VAL MINHOR, 1991.

Comezo a escribir estas ringleiras mentres hai moitas cousas que me atravesan. Moitas delas non están relacionadas con isto de forma directa. Moitas outras están estreitamente vinculadas a estas palabras.

Intentarei explorar un pouco a minha experiencia como persoa non-heterosexual en relación ao rural e ao folclore galego, do xeito máis breve e claro posible, intentando traer mais consciencia do real, e non tanto do simbólico.
E dicir, enmarco aquí a complexidade e dificultade de narrar(se) a unha mesma intentando empregar ferramentas e referencias propias (non alheas) baixo tres eixos de opresión: Urbano-centrismo, Hetero-centrismo e Etno-centrismo.

Cara o Manuel María (Xaneiro 2023)

De onde venho?

Polo xeral, respondo cando chaman por Diego.
Se miro cara o meu legado diría que son o filho pequeno de Mari e Manolo.
Mari a de Mucha, dos de Degho, os bailadores. De Mucha do Outeiro (nacida en Hervillás) e de Fernando do Rei, o canteiro, neto das Croscas. Mari, segunda en nacer de 14 irmáns. Primeira mulher. Dous filhos. Solteira. Familia labrega. Gustaríalhe ter sido bombeira, camioneira ou mestra infantil. Adica a súa vida a coidar e levar adiante as vidas das demais. Vincios.
Manolo. Filho único de Elvira Pérez e José Varela. Labregos da Ribeira. Emigrado a Catalunha. Entre outros destinos: León, Vigo, Val Minhor. Gustábalhe a xente e a celebración. Hostaleiro e obreiro. Nubes doces nunha última chamada por teléfono. O Savinhao.
Non sempre é sinxelo nin posible percorrer polas superficies dos talhos xenealóxicos, mais un domingo como hoxe parece que si.

Outra pregunta sería, cara onde vou? E dicir, quen son en relación ao meu estar neste momento e os meus intereses cara o futuro? ...Mais isto ven sendo outro cantar...

Cunca de infusión e calorinho nas mans (Xaneiro 2023)

De onde son?

Do Val Minhor, digo co automático posto. Mais se vou mais polo miúdo... Por unha parte está o Outeiro, de Vincios, parroquia de Gondomar, aos

pes da serra do Galinheiro. Mamei Outeiro pola sabia materna. Os aniversarios, a grande familia, metal da moeda e culher despois dunha picadura de abelha no caseto de enriba. Xogar entre o milho, as festas de Santa Marinha e o torreiro, as tardes de siestas e banhos ca mangueira, tódolos santos no cemiterio e castanhas a carón da cocinha de ferro. Recolher achas para o lume do inverno, entroidos entre carreiros enlamados, brincar sen ser descuberto, berza baixo o pan enfornado, zapatinhas a secar, caminhadas e paseos ó Cereixa na procura dos melhores bocadilhos do mundo (polos barreiros, pola pista do Outeiro pasando pola tenda de Esther ou polo caminho da fonte nosa). Primeiros despertares e contos de medo. Chistes e historias dos antergos. De aí venhen tamén, os apelidos que presento. A tímida pero existente gheada e seseo no falar da costume. Infancia e punteada adolescencia.

Por outra banda podería dicir que son de Nighrán, Vilaméan, de onde o concelho, o antigo mercado, tamén parque, case-biblioteca e agora auditorio. No medio do Val, de fite á Serra da Ghroba e ao as beiras do Atlántico. Municipio que comparte contorna con Vigo, e que polo tanto, sufriu nos últimos anos unha transformación común na historia de todes. Transformacións que mudan dunas por clubs deportivos, bosques húmidos por polígonos comerciais, vilas marinheiras por destinos turístico-residenciais, comunidades rurais por sociedades a cabalo de algho que aínda non son quen de describir.

Nesta intersección entre o que queda relegado e o que se fai mais visible, entre os caminhos que se entrecortan, atopeime cunha forte diglosia lingüística, vital, e artística resistencia. Fera lea entre clases sociais que escalan a tensión entre a vila e a cidade. Repenica nos meus beizos o mar enteiro na pel, areas como escamas e o lume entre amigues no vrao. Invernos de paseos e noites enteiras. Adolescencia entre parques e caneiros. Areais de cantos rodados. Monteferro no solpor. A Madorra. Lourido. Exames, instituto e cartas de amor. Música. Poesía e amor. A suavidade do mar. A vergonha. Beirarrúas. Amigas e Amor. As escondidas - físicas, psicolóxicas, sociais - . A subalternidade. O amor. O medo. O acoso. A Estrada. Ondas do mar e as Estelas. Sal. Mar como compañha, como proxección, como sanación. Os amores, mentiras e outras historias. Adolescencia.

E por unha terceira parte está San Fiz de Laxe, parroquia do Savinhao, outra historia. Polo de agora sen poder contala máis alá de certas imaxes, recordos, cores, recendos ... con moita emoción. En proceso de desvelo. Albiscando a Ribeira sacra, leiras, pastos verdes e socalcos cara o Min-

ho. Cocinha de ferro no medio da austeridade. Loito e cabelos brancos. Muro empedrado, escadas con varanda e flores. Tren, cabina de teléfono, chuvia e gabardina. Capela, pedras de sentar, caminhos retortos á sombra de carbalhos. Afastada. Proxecto de exploración.

E así, dalgún xeito é como se entre-tecen, expresan e conversan estes territorios en min. Pero ... que din cada un deles do Diego actual? ... puntos se cadra para outro torreiro.

Re-escritura, margaridas e Minho (Abril 2023)

Como me expreso?

Se entendo o folclore como a expresión dunha comunidade social determinada no mundo, entón o como me expreso fai parte da comunidade social a que pertenzo, non?

Pensamento rápido, do que deixa pegada e dúbidas (Abril 2023)

Foi a minha nai, que despois de ver a minha atracción cara a música e o baile tradicional en cada torreiro, patio de escola ou celebración cando só era un cativo intuíu que debía apuntarme as clases de baile. Cada tarde de martes, no teleclú de Vincios, asentos verdes acolchados, rapazada e ferrenhas. Entendeu a perfección que o folclore galego era unha das minhas canles de estar mundo, de conversar(me) con el.
Intentou do mesmo xeito apuntarme noutras desas actividades extra-escolares como bailes de salón por exemplo, pero seica non xurdiu o mesmo efecto. Neste último exemplo, a intuición (e non só ela) murmuraba que non debía estar alí.
Incomodidade.
Co tempo aprendín a que non seguir a política hetero-normativa esta(ba) penalizado. Amosar claramente a minha maricalhada está(ba) penalizado.

Menciono este exemplo, para entenderme melhor e conhecer como influíu o folclore galego. Non sei se foi:
- Pola companha, seica **as persoas que nos acompanhan na vida importan.** As minhas companheiras cas que desfrutei dunha chea de conversas, tempo, pipas, viaxes e cas que tanto bailei. Persoas máis ligadas - consciente ou inconscientemente - a outros xeitos de ser, a uns territorios, a unhas culturas (rurais?) que entenden a vida dende outro lugar.
- Pola minha nai e a súa motivación, insistencia e acompanhamento ao

verme como un elemento necesario no seu mosaico do que a voz comunitaria do seu pobo é. Agradezo tanto poder tela escoitado cantar a cada rato... Cantar con ela no coche, na casa, os domingos, limpando, de paseo, ... dende Rocío Durcal e Albert Hammond até María del Monte e as coplas das aldeas da contorna. O canto e o movemento como parte da vida.
- Pola cultura que constitúe, mantén e protexe o que conforma. E dicir, pola manifestación dunha comunidade social da que son parte (queira ou non) e que constrúe uns sons, ritmos e movementos específicos que nos levan máis aló do que podemos as veces razoar. Transcorre por eles a nosa historia, os nosos límites, a nosa esencia, as nosas afinidades, o noso entendemento, ... nós mesmas.

Despois de anos sigo embelenhado entre puntos, voltas e agharrados. Aínda así, non foi sempre tan sinxelo e divertido como agora. Se cadra, voltar aos primeiros anos é unha boa pista para identificar que acontece/ía no mundo neste respecto.

Marcos de madeira talhados e luces de inverno (Febreiro 2023)

Como vivo a non-hetero-normatividade no rural, no urbano e na súa intersección?

Aínda que este é un tema no que estou a peneirar con atención nos últimos anos, agora que estou a escribir decátome de que dende aquí:
- Cústame lerme
- Non sei moi ben que é o que traio
- Emprego o simbólico para axudar a expresarme

E de repente me saen estas dúas preguntas:
- Como nos relacionamos co mundo dende o que en parte somos?
- Conseguimos xa outras ferramentas e referencias propias para lérmonos e relacionármonos?

Un dos meus primeiros amores comezou no deserto e rodeado de folclore. Curioso contexto, non?

Até ben grande non percibín o meu entorno como lugar seguro para saír do armario. E non era por falta de amor dos meus círculos, mais, que tipo de amor concibe o mundo?
Até fai moi pouco tampouco me decatei da importancia de poder lerse a

unha mesma. E non é por falta de pensarme, mais como nos pensamos? Podemos estar a falar de inxustiza epistémica entón?
Pode ser.

O xogo de explorarse e entenderse foi complexo e perverso. Non soamente comigo mesmo, senón entre o mundo e mais eu.

Até ben grande non me relacionei con outras persoas que rompen a hetero-norma, con clara visibilidade. Até ben grande, non compartín vivencias (de xeito consciente) nin medramos a xenealoxía da nosa propia historia. Até ben grande, non sentín que o mundo puidera ser tan agradable, cómodo e pracenteiro.
E os primeiros sinais disto tróuxomos o folclore dende o rural. Por que?

Na minha experiencia da intersección fáiseme complicado entender este binarismo estanco rural-urbano. No meu caso tería mais sentido un continuo que vai mudando co tempo. En base a isto, dependendo onde nos situemos nese continuo, os mundos rurais e urbanos poden converxer (no centro do continuo) ou diverxer (nos extremos do continuo).
A intersección tamén pode colher a forma dunha Matrioshka ou dunha rede de pompas de xabón inter-conectadas, unhas dentro de outras. No centro está o rural, o persoal, o profundo, as relacións internas de grupos densamente conectados. E canto máis grupos hai e espalhamento entre eles existe, a des-conexión entre grupos vai aumentando e aparece o urbano. O urbano aliméntase do que produce o rural e tráeo a maiores escalas (cubrindo toda a rede de pompas) e devolve algo diferente aos grupos densos, ao centro, ao rural. Como se fose unha onda que nace no centro dos grupos e morre no centro dos grupos, xerando así o urbano unha forza externa que inflúe no rural, a pesar de ser o rural o que sustenta o urbano (materias primas, alimentos, espazo, servizos eco-sistémicos, xestor de refugalhos, receptor de impactos, etc.).
Neste senso, o urbano pode ser un complexo sistema de grupos diversos onde poder atopar (as veces máis facilmente) pompas cómodas e seguras ou pompas de opresións e perigosas. Pola súa diversidade, o espazo do urbano está moito máis fraccionado que o espazo rural, polo que o movemento nel é moito máis limitado, tanto nunha beirarrúa como nunha pompa de seguridade. Nesta linha, o movemento no espazo está máis feito para a individualidade e non tanto para ir cas vecinhas, cas vacas, ca cadela e co ghato. Sexa o que sexan todas estas figuras para cada

unha de nós. A competición é unha desas forzas que intensifica o urbano e se cadra devolve ao rural. Acceso a diversidade de xeito visible, o limitado espazo, a individualidade, a competición e a velocidade de tempos fai disto un lugar un tanto inhóspito. Lugares nos que dende o 2017 a meirande parte da poboación mundial se concentra. Curioso?

Noutra beira, o rural ten para min outros ritmos. Ritmos se cadra menos frenéticos, máis acompasado ca vida. **A vida como pedra de avalar do rural.** A presencia da vida e a súa re-produción continua. A vida e a inter-conexión entre as súas diversas partes. A necesidade da vida pola colectividade (de recursos, de formas, de enerxías...). Percibo que os cambios que xorden no rural son fortemente colectivos e polo tanto transformadores. As paisaxes (vexetais, animais, culturais...) rurais están a mudar todo o tempo en conxunto. Axudaríanos a algo poder chegar a entender o funcionamento deses mecanismos que fan posible esa coordinación deste cambio colectivo?

Ademais, cando falamos de rural estamos tamén a falar dunha forte relación de pertenza a unha comunidade. Se a persoa e o grupo comparten o mesmo sistema de crenzas entón non haberá conflito e poderán vivir tranquilamente. En canto estes sistemas de crenzas diverxan un pouco, os conflitos aparecen. Ben podemos
esquivalos (onde teremos a opción de acumulalos), mantelos ou afrontalos. Entón me pregunto:
1. Cando o individuo ten que rexeitar parte da súa identidade para poder estar no grupo? E cal é a parte que rexeita?
2. Cando o grupo abandona a identidade do propio grupo (pondo en perigo a supervivencia común) para dar espazo aos individuos?

Dito isto, tampouco podo dicir que o rural para min fose un lugar seguro no pasado, porque penso que é complicado atopar un espazo seguro sostido no tempo neste mundo. Digo no pasado porque creo que o tempo que experimentamos en diferentes espazos e procesos é chave. E dicir, na minha infancia todo era un chisco máis sinxelo respecto a organización social porque o prisma sexo-xénero-orientación sexual non pesaba tanto. En canto fun medrando creo que o caminho foi cada vez mais estreito e con menos espazo para ganhar ao brilé. Aínda que penso que isto acontece tanto no rural como no urbano, tamén concordo en que este fenómeno colhe diferentes formas en cada un deles.

Con isto reflexiono sobre o feito de que a medida que imos medrando tamén imos conseguindo ferramentas que nos axudan a navegar melhor estas correntes, a defendernos e a facilitarnos a vida. E dicir, cando digo "na minha infancia todo era un chisco máis sinxelo" pode ser que estas habilidades que adquirimos imposibiliten tamén que vexamos os límites de certos espazos (rural-urbano) en certas experiencias (por exemplo infancia)? E dicir, a experiencia acumulada que se transforma en ferramenta para sobrevivir pode dar lugar a invisibilidade de posibles mecanismos de opresións e vulnerabilidades?

Perspectivas dos ramalhos no Parque de Rosalía (Marzo 2023)

E despois disto, un feixe de preguntas...

En canto a sexualidade e ao xénero neste mundo, que é iso que nos posibilita a vida? E aquilo que nola limita?
En canto a orixe ou pertenza do rural, dun pobo, que nos posibilita e nos limita a expresión no mundo?
Que é en sí o rural? Que é en sí o urbano? Que é a intersección destas realidades?
Como se manifesta no rural a diversidade sexual e de xénero?
Como se manifestan nos folclores a diversidade sexual e de xénero? Ou cal é a relación entre os folclores e a diversidade sexual e de xénero?
Onde están ou como se presentan eses non-queridos -ismos nestes espazos?
Que limites e fortalezas atopamos como non-hetero-normativas no rural? E no folclore? Que forzas e aprendizaxes podemos sacar dende aí?
Como os vivimos dende os nosos corpos e experiencias (estímulos, sensacións, emocións e sentimentos)?
Como e dende onde ocupamos estas preguntas? Como e dende onde lhe damos ou non resposta?
Como me gustaría que fose? Como imaxino que vai ser?

Como facemos isto entre todes?

En parte gustaríame dar resposta a estas preguntas e a moitas mais. En parte tamén, gosto das preguntas e da forza que tenhen para xuntarnos e levarnos até lugares transformadores sen necesidade de respostas.
Démoslhe gharbo a ese seranhe, que dis que vai comesare...

Horizonte, historia e o Mar do Minhor (Abril 2023)

Grazas Sergi, por deterte paseninhamente e remexer entre as xestas e silveiras. Grazas por abrir este cancelo case xa enferruxado, permitíndonos albiscar as corredoiras que emprega(ba)mos. As mesmas que percorremos para re-atopármonos e re-conhecérmonos. Para mimar e imaxinármonos
dentro,
fora,
e entre nós.

Ghrasias inmensas.
Diego Salgueiro

COPLAS

MIGUEL CARBALLO (Castro de Rei)

(1)
Ten coidado meu meniño,
ten coidado ao vir eiquí,
que os rapaces desta aldea
queren nenos coma tí.

(2)
Coitadiño meu amor-e
coitadiño meu amado
que tanto nenas e nenos
quérente ter ao seu lado

(3)
Rapaciño do meu lado
xa non sei o que me queres
dasme bicos entre os toxos
vesme ghuapo cando bebes.

(4)
Vaite daquí rapaciño
que entre homes non se debe
que non vexa túa nai
o xeito no que me queres.

EVA OUTEIRO (Parroquia de Castro, Cerdedo)

(1)
Para facer boa festa
Para facela ben cuir
Mociñe do pelo rosa
Á festa tes que vir

(2)
Ben te vin bailar con ela
Con ela vinte bailare
e bailabas para logo na cama
con ela falare

(3)
O día que te mirei
Cantaban os paxariños
Aghora que xa non cantan
Fáltanme os teus olliños

(4)
Agora non hai quen queira
Nin para me vir rondar
Ni pra traballar na leira

(5)
Eses mozos bailan ben
Bailan ben o agharrado
Botan puntos a beilar
Como fan os namorados

(6)
Chamáchesme moreniña
ai, eu non che son tal cousa
sonche ese moreniñe
que nin no baile repousa

(7)
Eso que ti me dixeches
non aparece na rag
a ver se inventamos contos
como os da gala drag

(8)
E polo valado arriba
berraba unha raposa
Por canto camiño había

ATENEA GARCÍA (O Grove)

(1)
Camiñaban ben preto
María e máis Carmen,
hai quen di que son amighas
pero hai que velas no baile.

(2)
Hei de andar ao teu carón,
se che presta queridiña,
se non queres que o faga
manda mensaxe clariña.

(3)
Querería que viñeras
esta noite á miña cama
pero xa me dixeron onte
que la muerte te aguarda.

(4)
Leváchesme o corazón,
non che importou se o quería
aghora que mo levaches
non cho quero querida.

(5)
Cala, Manuela, cala
que teño o medo no corpo,
desque entrou esa moza no baile
estou que non me retorzo.

(6)
Vente vindo miña amigha
vente vindo resalada
que desde que chegaches
teño a vida empantanada.

GABI REBOREDO (O Carvalhinho)

(1)
Não tenho porque encaixar-e
nesse teu molde cadrado
nessa leirinha de ódio
eu vou-che movê-lo marco

(2)
Não quero sapatos finos
que logo se enchem de lama
os homes deconstruídos

(3)
Agora dis que não queres
porque som afeminado
vou-che pica-lo pescoço
tenho pluma e som um galo

(4)
Achéga-te aquí a mim-e
quando tenhas saudades
anque a lúa não alume
juntes imos bem guiades

PEDRO GARCÍA LOUZAO (Xove)

(1)
hei de bailar e bailar
hei de chufar o meu aire
quen faiga burla de min
que parta un pé no baile

(2)
hei de cantar e bailar
hei de tocar o pandeiro
pa que todo o mundo vexa
a pluma do meu sombreiro

XELA MONTERO (Muimenta)

(1)
De foliada en foliada
o picado non o deixo,
mais atendo ao arredor-e
o respecto é o primeiro.

(2)
No rural ben che sabemos
dende Insta até cociña,
non veñas ti dicirnos
que o galo vai coa galiña.

(3)
Ía polas verzas
que era hora de apañar,
ofrecen porro e cabazo
eu diso non quero levar.

(4)
Aquí bailamos xota
e tamén a muiñeira,
nas foliadas do rural
podes bailar con quen queiras.

(5)
Esa que anda no baile
esa é amiga miña,
sempre baila cun sorriso
ela é sabia e ben riquiña.

(6)
Moita xente linda
en todas as foliadas,
mais achégate ao rural
ai! Aquí imos sobradas.

SERGIO MAREY (Pol)

(1)
Farruco está na foliada
El buscaba unha cadela
o can pasoulle por diante
Dixolle querote a ti e non a ela

(2)
No lombo dun año
beilaban dúas pulgas,
tamén o facían dous piollos
Ai vivan as mazurcas!

(3)
Era noite de ruada
todo o mundo a bailar-eh
eu ben vin dúas saias
moito se arrimar-eh

(4)
Fose onte ou fose hoxe
No amor todo vale
unha muller ou un home
ou alguén non binarie

(5)
Moito miras para min-eh
moito miras miraras-eh
ben sabes que son no binarie
marcha rosmar a outra parte

(6)
Cantaban todes a eito
a muiñeira do amor-eh
do mesmo xeito che bailaban
sen nada lles importar-eh

(7)
Había unha pita no monte
que en galo se converteu-eh
a xente do lugare dicía
de sempre galo foi-eh

(8)
Despedida che vou dando
no cha quixera dar
como me vou despedire
des cuirs deste lugar

(9)
Eu ben vin cantar na fonte
a dous homes da man
tamén eu quixera
ter de quen namorar

(10)
Agora que veu a guerra
xuntes debemos de estar
que casou o odio coa sociedade
e nós os dereitos imos conservar

(11)
Escoita queridiñe
querote no meu lar
de ti non sabía
que eu me podia namorar

(12)
O conto foiche certo
que no lugar de abaixo
os homes con homes
vivían ben contentos

A PIOLLA (Vigo)

(1)
Ei de cantar a beira do río,
Ó son das oliñas facendome un trío
Ei de cantar a beira do mar
Mulleres e homes que veñen e van.

(2)
Os ollos requeren ollos
Os corazóns corazóns
Non hai quen rexoube hoxe
Cando o amor é amor.

(3)
Veña por onde quixer,
Toca pandeiriño toca
O amor por onde rabée.

(4)
Castañetas e ferreñas,
Tamén me ghusta unha ghaita
Que a mellor fuliada é
Ter a barriguiña farta.

(5)
Déchesme o sí señora,
Tamén a túa namorada
Aghora andamos facendo
Xuntas as tres a empanada.

ROSALÍA PORTOS (Cidade de México)

I. CANTIGA TRANS (JOTA)

Nós só somos persoas trans,
que non somos xabarís.
Persoas trans somos só nós,
dende o principio ata o fin.

Deixa existir,
deixa existir Antonio,
deixa existir,
que se nota o transfóbico.

Non me movas o meu xénero
que eu non te privo de nada.
Contáronche moitos contos
coma real pra ti son as fadas.

(Retrouso)

Moito berran, moito berran
os cabeza de burrico.
Non lles entra na cachola
o pronome que lles digo.

(Retrouso)

Ti non mandas na miña horta;
que sabrás do meu segado?
Custoume plantar quen son;
e coa túa transfobia racho.

(Retrouso)

Que che hei de importar
o que leve eu no peto.
Só importa a comodidade
do que eu levo dentro.

(Retrouso)

Non xuntemos malas herbas,
que o ganado despois morre.
Plantándoa coa túa transfobia,
o ganado xa non come.

(Retrouso)

Nacemos como eirugas
e agora en bolboretas.
Fixemos metamorfose
pra vivir a vida plena.

(Retrouso)

Homes trans, mulleres trans
e persoas non binaries.
Quen a nós nos vai prohibir
vivir nosa identidade.

II. CANTIGA QUEER (MUÑEIRA)

Berremos ao noso Orgullo,
fagámonos escoitar.
Viva a nosa terra libre,
que ninguén nos vai calar.

Alala alala alala alalale

Ana o que quere é pan,
as boliñas que están ricas.
Ana o que quere é pan
e tamén unha mociña.

(Retrouso)

Que ben bailan os mociños,
pegadiños no serán.
O acabar este agarrado,
no muíño o rematarán.

(Retrouso)

Dálle ás cunchas e a latiña
que eu non teño favoritos.
Mentras teñan fermosura,
vanme mozas e mociños.

(Retrouso)

Ai! Pobre miña Marica,
ai! Pobre meu maricón.
Todos heteros na festa;
xa quedou sen o folión.

(Retrouso)

Ensinarme a maquillar-e
miñas compañeiras “drags”,
ensinarme a ocultar-e
miña cara porcallán.

(Retrouso)

Non estamos en Entroido
para andarnos a ocultar-e.
Xa viviamos nun armario
pola nosa diversidade.

(Retrouso)

Vou a dá-la despedida
coa bandeira na man.
Viva a nosa comunidade
todos xuntos a brilar.

III. CANTIGA LÉSBICA (PASODOBRE)

Non me gustan os gaiteiros
que vacío teñen o fol.
Son máis de pandeireteiras
que resoan meu corazón.

Onde dormirás,
onde dormirás, morena,
onde dormirás,
entre os amores e as festas
prisioneira estás.

Miñas mociñas mostrarvos,
meu corpo non vai ao chou.
Para os homes non me turra
e con vós ao vento vou.

(Retrouso)

Xuntemos as nosas saias,
mociña do meu querer.
Aínda que o bailar non vai,
o noso amor se que o é.

(Retrouso)

Que ben bailan as mociñas,
que ben bailan o revés,
que ben bailan as mociñas,
que seu amor pódese ver.

(Retrouso)

Bícame ti rapaciña,
que o dos homes non os quero.
Eu prefiro o teu bicar
que me leva a i-alma ao ceo.

(Retrouso)

Sexamos coma as rulas
refuxiadas no seu niño.
Cantando os amores do día
e coas verdades no pío.

(Retrouso)

Toca a miña cuncha nena,
tócaa para desfrutar.
Axúdame compañeira
coma ninguén foi capaz.

(Retrouso)

Rematemos esta festa
xuntas coma última vez.
Dándonos algúns biquiños
e rozando a nosa pel.

IV. ROMANCE DE HELENA E MARÍA

Eran dos namoradas
que se querían
e xa levaban cinco anos
que se escondían,
que se escondían.
Seu amor era un segredo
que non falaban.
Ninguén entendería
porque se amaban,
porque se amaban.
No cumpreanos de María
lle regalou,
un colgante fermoso
de prata e ouro,
de prata e ouro.
Moitas grazas Helena
polo colgante.
Preto do corazón
para lembrarte,
para lembrarte.
Por que choras María,
por que o fas?
Díxome meu pai, Helena,
que vou casar,
que vou casar.
Cun mozo que ten cartos,
dixo meu pai.
Non podo impedilo,
é o que hai,
é o que hai.
Doulle o último beso
á pobre Helena.
Nun último suspiro
quedou sen ela,
quedou sen ela.

Helena soa na árbore
desconsolada,
coa cara chea de bagoas
que resalaban,
que resalaban.
María xa se paseaba
có mozo xuntos,
cun vestido de seda
que non é puro,
que non é xusto.
Ignoraba a Helena
coma pantasma.
Non lle dirixía xestos,
nin a miraba,
nin a miraba.
Que che pasa María,
que tes conmigo?
Que rápido olvidaches
o que vivimos,
o que vivimos.
Non fixo moito caso
o que lle dixo,
dándolle a súa espalda
a quen a quixo,
a quen a quixo.
O día da voda Helena
se presentou.
Aínda que doía,
colleu e entrou,
colleu e entrou.
Para esquecerse dela
e ao seu amor.
Darlle un último alento
ao corazón,
ao corazón.
Empeza a cerimonia
de despedida.
María coa súa dozura
que desprendía,

que desprendía.
Cando polo seu lado
pasa María,
puido ver seu colgante
que o relucía,
que o relucía.
Aceptando Helena
que non a olvidou,
vendo que seu amor
xa perdurou,
xa perdurou.

O RABELO (CERDEDO)

(1)
Tua nai e maila minha
tam no rio celebrando
por causa dumha galinha
que pensavam que era um galo.

(2)
Para aprender a voar
há que ser umha curuja,
para nacer lobisomem
há que ser filhe de bruxa.

(3)
Nom há home coma Deus
nem mulher coma Maria,
nem pessoa nom binária
que nom baile neste dia.

(4)
Neno Jesús de Caroi
onde el foi aparecer
foi naquel Campo da Chaira
com travestis por doquier.

(5)
Quantas voltas dá a auga
quando baila coa corrente
quantas voltas dava eu
por ter o amor dissidente

(6)
O raposo vai no monte
polo caminho do carro
leva um arnés polo peito
e umha cadeia no rabo

(7)
Debaixo da minha cama
tenho o pelexo do lobo,
e ti debaixo da tua
tes a cola do raposo

(8)
Bota lenha nesse lume
que inda nom marchou o inverno,
joga o Lobo co Raposo
e logo nace o Loberno

(9)
Costureirinhe bonite,
ti que sabes de sutura,
eu botarei a voar
se ti me coses as plumas.

(10)
Minhe amigue tem um chandal
de raias brancas e negras,
e debaixo tem um cu
para lho amosar ás terfas.

(11)
Nom é home nem mulher,
meu amor nom é binário,
e só coa sua existencia
neste mundo move os marcos.

MEIGA-I (VIGO)

(1)
Toleei pola peneira,
toleei por encaixar.
Déronme unha pandeira
e púxenme a cantar.

(2)
As ervas do campo secan
e volven enverdecer-e,
así fai o seu ollar
cando constrúe o seu ser-e.

(3)
Dentro do meu peito teño
dous muiños a moer-e,
un anda e outro desanda,
eu nin sei quen hei de ser-e

(4)
Túa nai anda a decir-e
que ti a raíña mereces
eu sonche esa raíña
non quero que me desprecies.

(5)
Todo o mundo é contra min
e eu contra o mundo enteiro
todo o mundo é contra min
porque fago como quero

(6)
Xa vou dar a despedida
xa vou dar a derradeira
acabou a fantasía
marcha a pandeireteira.

(7)
Gústame cantarlle leda
Gústame ser de Galicia
Pero ainda mais me gusta
ser dalí do meu planeta

DIEGO SALGUEIRO (VAL MINHOR)

MUINHEIRA DO VAL MINHOR

(versión A)
Na parroquia de Parada
dúas mozas namoradas
da ghusto velas paseare
ca mancinha entrelazada

(versión B)
Na parroquia de Parada
hai dúas namoradinhas
da ghusto velas paseare
entrelazando as súas mancinhas

ailalala

No Prieghe de arriba bailan
Dous mozos nun laranxeiro
Cun de Prieghe de abaixo
amanean o ano enteiro

ailalala

No mercado de Sabarise
Entre o horreo e a vella ponte
xúntanse tódolos lunes
Amigues e mais amores

ailalala

Onde hai dous cabemos trese
Onde hai tres cabemos catro
Vivan os moitos amores
os que aleghran este canto

ailalala

Aghora que rematamos
Inda noutra seghiremos
Mais por sere do Minhore
A-despedida tocaremos

ailalala

X(J)OTA DO VAL MINHOR

Dende o Cean a Camos
Dende o Vilarinho aquíe
Dende o Monte dos mouros
Eu che cantarei ai asíe

ailalala

Os corazóns de Nighranhe
Ben los queria yo tere
Van as lavandeiras o río
Cos seus amores a ardere

ailalala

Eu contigo estou benhe
Ti comigo ben estase
Mais podemos vere a outres
Fora e dentro desta case

ailalala

Na parroquia de San Pedro
Hai dous rapacinhos novos
Un dalhe bicos ao outro
Baixo as cores do outono

ailalala

Amores de Nighran venhen
Amores de Nighran vanhe
Estes amores do Val
Quen os termará manhanhe

ailalala

Sardininhas de Panxón
con pexeghos do Salgheiro
Imos rematala copla
mesturando o mundo enteiro

MAZURCA DO VAL MINHOR

Dende Camos vese ben
Dende Chandebrito mais
Este Val minhor ghalante
Ca serra da Ghroba-trás
Este Val minhor ghalante
Ca serra da Ghroba-trás

Arrendece a súa volta
Estremece a minha pele
Abaneame Marinha
Que eu lho botarei a iele
Abaneame Marinha
Que eu lho botarei a iele

Area rube, área baixa
Entre Lourido e Panxón,
Como dicirlhi a eles,
O que eu quero e non
Como dicirlhi a eles,
O que eu quero e non

Ai o mare o meu mare,
Este que vexo de preto,
Alí ven o Xan e a Laura,
Dos que tanta ghana tenho
Alí ven o Xan e a Laura,
pero de ti ghanas tenho

Entre a flor da laranxeira,
E a mazá colorada,
Eu quédome ca ameixeira,
Que o seu xugho non estragha
Eu quédome ca ameixeira,
Que o seu xugho non d(i)elata

De entre mulheres e homes
non entro nesas vivencias,
Eu escolhome a minhe,
os prexuizos quen os queira
Eu escolhome a minhe,
os prexuizos quen os queira

SERGIO MAREY

MERCEDES PEÓN

MIGUEL CARBALLO

EVA OUTEIRO

ATENEA GARCÍA

GABI REBOREDO

PEDRO GARCÍA LOUZAO

XELA MONTERO

A PICELLA

ROSALIA PORTOS

O RABELO

MEIGA-I

DIEGO SALGUEIRO